A NOSA TERRA

Ano XXXIV — Núm. 481

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual Nº 376.xxx

CORREO ARGENTINO Cent. B

FRANQUEO PAGADO Concesión 2032

TARIFA REDUCIDA Concesión 2727

BOS AIRES, ABRIL DE 1952

A Anguriosa Situación do Povo Galego Baixo o Franquismo

por M. D. P.

*

Neste artigo i en sucesivos, irei pubricando as miñas impreixóns recollidas no meu viaxe a Kaliza, baixo a feroz tiranía falanxista.

O que tiña de ser un pracer para o meu esprito cobizoso de Pátria ao través de trinta longos anos d'ausenza, foi un suplicio. Todo ao meu redor era opreixón dos corpos e dos espritos. En cada fogar galego, unha amcaza de fame, de tuberculosis; unha tráxica historia de "paseos", de fusilamentos, de cadea...

Bafo de sangue quente dos nosos mártires, Moitedumbre de sinistros perfís de garda xivís co homicida fusil ao lombo, ocupando estratéxicamente as nosas cidades, e os camiños do noso agro...

Noxenta presenza de falanxista chulos e provocadores, *condecorados* con *ringleiras* d'iñocentes "paseados" que no seu día serán vengados.

Logo de cinco meses de percorrer pol-as cibdades, vilas e aldeas do noso desventurado país submetido baixo a pouta feroz do franquismo, deume tempo d'abondo pra esculcar e tirar concrusións deadas encol da tráxica situación do nóso povo.

E voz corrente decir en América, que o réxime falanxista deformou a moral das nosas xentes. Algo hai de certo. Máis elo, non é en senso de profundidade, máis ben superficial, que intresa somentes as capas superiores — grandes industriales, comerciantes e outos funcionarios do Estado — que estraperlean escandalosamente coa fame do povo; e a familia dos descrasados, pequenos piratas de rio revolto que andan a pilla das migallas que lles deixan os grandes estraperlistas. I encanto ao povo, o autentico povo, sofre fame recesa de quince longos anos e o peor, que se lle non olla solución ao problema, e como consecuenza desta dramática situación, a tuberculosis é unha realidade espantosa — no agro, vilas e cibdades — principalmente infantil, a ponto tal, que hai quen sosten a peregrina teoría de que este terribel flaxelo provocado pol-a fame, desaparecerá por saturación total, como a peste. (?)...

O ano pasado — maio do 51 — as autoridades do Município de Vigo, teimaron facer unha estadística escolar de posibeis nenos tuberculosos e a tal efeito, deu comezo nunha escolar céntrica por tandas de trinta nenos. O esperimento fixose co reaitivo "Tuberculina" e levouse a cabo no Dispensario Municipal da rúa do Doutor Cadaval, co abraiante resultado de: ¡21 positivos e 9 negativos! A segunda tanda realizouse ao día seguinte: ¡12 positivos e 18 negativos!... E suspendeuse definitivamente a estadística, sin tomar ningún xeito de medida, por outro lado, para que? As autoridades sanitarias ben sabían que a orixe do terribel flaxelo fincaba na desnutrición dos nenos...

A todo isto, a xuventude de 18 a 30 anos, que non coñeceu fatura máis que en pretérito por boca dos maores, e que creu de boa fé nas promesas dos xerifaltes de Falanxe, quenes lles prometeron casa, pan, lume e vestido, nunha Hespaña grande e supervalorizada; nunha Hespaña grande de Xibraltares recuperados don grorioso pendóns imperiaes, esa xuventude está desourentada, ten concencia plena de que foi miserabelmente engañada i está a espleíta, fugando contra o réxime criminal que levou ao povo á miseria máis ruin. Máis direívos, que esta miseria, esta fame de pan que sofre o povo galego dende fai quince longos anos, non sae a lús, por diñidade das nosas xentes, mais adiviñase. Adiviñase por propria gravitación de feitos concretos que poñen ao descoberto a fonda traxedia que vive o nóso país baixo a criminal ditadura franquista.

Naturalmente que pra un despreocupado "ché" con "haiga" ou pra un estranxeiro miope que se regalan os seus bandullos cos máis eisóticos i esquísitos manxares, Galiza é un paradiso, ademáis é un país tan encantadoramente fermoso... Alí non falta ren, hai de todo í en abondanza: boas carnes, xamóns, froitas, ostras, percebes, nécoras, centolas, vieiras, langosta, bons viños e mulleres fermosas... E todo elo, rídiculamente barato. Traducido a pesos, libras, ou dólares resulta unha insiñificanza. ¿De qué se queixará o povo? ¿Porqué esas campañas antifranquistas no esterior?

Vexamos: Un peon de obra, gana 12 pesetas; un garda de tranvía 12.75; un axente de tráfico 12.95 pts.; un oficial obreiro: albañil, carpinteiro, pintor, ferreiro etc. gana 20 pesetas; un empregado de comercio — vendedor, oficinista etc. — anda nas 800 pesetas mensuaes, e a estes xornaes, en razón de "puntos" como ali se lle desiña (filos, carestía de vida, antiguedade etc.) engádeselle un 20 o|o aprousimada mente. Agora ben: un modesto e nada abondante xantar nunha taberna, non baixa das 330 pesetas. Un desaúno: café con leite pan e manteiga, no lugar máis económico, 6.50 pesetas; unha modernísima casiña nos bairros estremos anda nas 650 pesetas, e si nos referimos a ouxetos d-uso común como por exemplo: xabrón do máis ordinario pra lavar a roupa, 4,50 pts. pastilla; un paquete de follas de afeitar, 14 pts; un dentífrico tamaño pequeno, 8.50 pts; un par de calcetins da calidade máis inferior 15 pesetas (xornal e cuarto dun peón); un pano de bulso de calidade regular, 12 pesetas (un dia de traballo un garda de tranvía); unha camisa de poplín, 120 pts; unha camisa da calidade máis inferior 60 pts; un par de zapatos económicos 230 pts; un traxe común, anda nas 1.000 pesetas.

A todo isto compre preguntar:

Como é posíbel prezos tan outos con man de obra tan barata? O problema ten a súa espricadeira. O Estado franquista, ao través dos seus orgaísmos de "proteición" ao traballador, (Previsión Social, Montepio, etc) cóbralle ao patrono o 128 o|o (sobor dos xornaes, quer decir, que tomando por base un xornal de 20 pesetas dun obreiro, o Estado, percebe do patrono 25.60 pesetas, o que faí un custe de produición de 45.60 pesetas, daí que o produtor pra sostener o réxime falanxista, percebe o 45 o|o do seu xornal, e como non pode ser doutro xeito, a fame e, como consecuenza inmediata, a tuberculosis, é a terribel e anguriosa realidade que vive o noso desventurado povo.

FALESCEU UN BON AMIGO DE GALIZA

RAMON M. DE ALDASORO

Falesceu recentemente n'Habana, esta destacada figura representativa do povo vasco, loitador incansábel, dende a sua xuventude, aprol da liberdade do seu povo.

Foi diputado as Cortes Constituintes e membro do Goberno Vasco perante a guerra e no eisilio, cando as tropas xermano-italianas entraron no seu país, o presidente Aguirre enviouno a Bos Aires presidindo unha delegación de patriotas vascos, residindo eiquí varios anos e traballando arreo aprol da sua pátria vasca.

Con Castelao e o líder catalanista Manuel Serra Moret, firmou o histórico pacto de GALEUZCA, pol-o cal, os tres povos: galegos, cataláns e vascos, ficaban de novo avencellados, reanudando asín, a aición conxunta aprol da liberdade das respeitivas nazonalidades que, xa tiveran comezo co primeiro Pacto suscrito en Barcelona o ano 1923.

Posuidor o extinto Doutor Ramón de Aldasoro, dunha sólida cultura, escelentísima memoria e agudo inxenio, impúñase solemne unhas vegadas, sutil e ledo outras, domiñando decote as situacións con verba fácil e convincente.

Non é posibel esquecerse do grande discurso que deu no casal do Centro Ourensán co gallo dun aniversario do fusilamento de noso protomártir Alexandro Bóveda.

Recrudez a Persecución

As notizas que a diario chegan da Terra, dan conta de un recrudecimento da persecución totalitaria do réxime falanxista contra de toda manifestazón auténtica da personalidade galega. Porque si ben a represión é sistemática, non embargantes ten os seus outos e baixos, dentro da súa costante dureza.

Na aitualidade, a liña o terror rube decididamente no gráfico da sanguiñenta tiranía A política yanqui desbotou todo sentimento de consecuenza cos ideais de que acotío se proclama campeón, toda aparencia de pudor nas suas tracamundanas de predominio, e deixando de lado moxigangas hipócritas non dubida en adoitar ao franquismo, o bastardo horfo do nazifeixismo. E yarece que as bases militares e demáis concesions que lle intresan da Península, hanse de pagar con algo máis que con dólares: todo indica que a vida dos demócratas dos povos hispánicos foi ouxeto de infames transacións, e que ao falanxismo deixóuselle as mans ceibes pra que os esterminíe sin contemplacións. Somentes eisí se esplica que se fusilase agora aos supostos responsables da folga de Barcelona, a casi un ano de producidol-os feitos; e asimesmo ese proceso en masa na Coruña, cuias condenas a prisión suman decenas de anos...

Sobre o galeguismo, movimento esencialmente democrático, as crudeles medidas represtivas caen co máisimo rigor. O acorralamento do grorioso idioma galego prosigue de xeito implacábel; féchanselle a cal e canto as colunas dos xornais; póñenselle oustácuos casi insalvábeis a súa admisión no libro e na revista. Os escritores que cumplindo co seu deber de galegos utilizan o noso idioma na sua aitividade literaria, son colocados n'unha lista negra que os condena a non atopar onde publicar os seus escritos. En fin, que o criminal propósito de aniquilar a nazonalidade galega segue aplicándose con toda intensidade.

Mais a longa esperencia de Galiza en resistir a política asimilista do Estado hespañol danos a seguridade ausoluta de que o foto tirano aitual non ha de ter millor éixito que o que acadaron os Reises Católicos e os seus descendentes, grandes e pequenos. O feito de que a máis de catro séculos e meio de ininterrumpidas violencias contra do ser nazonal de Galiza haxa que reforzar as ataduras que o mantenen agriollado, demostra con elocuenza irrefutabel a forteza e o vigor invencibeis da nosa nazonalidade.

Pro sería unha insensatez e unha traición, limitarse a unha ademiración pasiva da asombrosa potencia vital da insine encadeada. A emigración galega ten a obriga meludibel de estar ao lado do seu povo nestas circunstancias, de facerlle sentir o quente agarimo da sua irmandade; de facerlle chegar espresións práiticas, efetivas, da sua solidaridade.

Neste senso, a nosa coleitividade debe facerse cárrego dos seus deberes patrióticos coa maior decisión, como a única e máis importante i enaltecedora laboura acarón do noso martirizado povo.

RA 29/8

Doce Meses de Cultura Galega

Por considerar de grande intrés para os nosos leitores, transcribimos da revista "Galicia" do Centro Gallego de Bos Aires, o resume anual remesado pol-o seu corresponsal en Galiza D. Salvador Lorenzana, do movimento cultural rexistrado no noso país, e por ele, porán apreciar a intensidade e volume do mesmo.

NOS derradeiros tempos ven operándose en Galiza, un rexurdir inteleitual e artístico, que está acadando singular releve. A persoalidade desta terra do noroeste peninsular, é primordialmente, unha persoalidade lírica. A sua alma, o seu ambente está mergullado de lirismo. Alguen calificouna por elo de "patoloxismo lírico" a aptitude do pais galego. Pro ren máis lonxe da realidade. Hai que recoñecer que o lirismo é una forma de vida consustacial a Galiza, i este lirismo é fonte criadora de enerxía e arte. Para Heráclito "o caraiter é o destiño do home", e un fino escritor entreveu todo o futuro da alma galega pechado no seu lirismo.

Hoxe, unha grande maoría de inteleituaes deste fisterre atlantico considera que o deber de Galiza consiste en contribuir ao acervo da cultura universal, incorporando ao mesmo creacións inéditas; máis taes creacións so lograranse meiante o decote cultivo da orixinalidade galega.

O Mundo da poesía

OMO en todol-os tempos, a poesia é o xénero literario mais adoitado e fecundadamente cultivado pol-os escritores galegos. Antre os múltipres libros pubricados perante o ano, hái-os de distinto valor. Augusto Casas deunos "Cantigas da noite moza"; no escearío da paisaxe animanse as canzóns; coa asistenza do corido, soa o verso musical, en sinxelos trémolos. En "Canciós d'iso amor que se diz olvido", o filósofo xienense Juan Pérez Creus, resucita a millor tradición meieval da forma galaico-portuguesa, e contamínaa con area de altualidade. "Follas duu arbre senlleiro" de Manoel Fabeiro Gómez, e "Doas de Vidro" de Faustino Rey Romero, costituen duas estimábeis aportacións ao presente poético de Galiza.

Ramón Cabanillas, o destacado poeta de "Vento Mareiro", deu a coñecer co tidoo de "Antífona da Cantiga", unha coidada antoloxía de canzóns populares. A seleción foi feita, atendendo á beleza do pensamento, a novidade das verbas ázenvebreza dos xiros e modismos. **Num ensaio prelimiñar — escrito en xugosa prosa clásica — o antólogo xustifica o seu labor; diz que si deixáramos morrer as nosas canzóns, esgotaiase a máis abondosa, limpa e cristaliña fonte da nosa fala.**

O sevuíto Padre Rubinos editou en quince xestas, i en lingoa vernácula, o seu poema épico Covadonga. Gosé María Alvarez Blazquez deu a coñecer — nun grato volume — un poema inédito, galego, de Nicodemes Pastor Díaz, tidoado "Egloza de Belmiro e Benigno". O descobrimento desta égloga do romántico vivariense, ven a demostrar que non foi só "A Alborada" o que Pastor Díaz escribeu no seu idioma nativo.

En castelán deu ao prelo a poetidrugada Fronda" e "Desde la Niebla". E Ramón González Alegre Báizoma, "Raíz de las Horas".

Tamén aparesceu nas librerías. "Poesías de Curros Enríquez", sedo autor de "Aires da miña terra".

No campo das traduicións ao galego, hai que rexistrar a versión das "Carminas" de Horacio, realizada por Aquilino Iglesias Alvariño, e a dun feixe d epoemas de Hölderlin, Heine, Dehmel, Rilke, Agnes Miguel, e Franz Wenfel, que, co tidoo de "Musa Alemá, levaron a termo Celso Emilio Ferreiro e Blanco Freixeiro. Aitualmente áchase no prelo, a traduición galega do "Altkeltische Dictugen" de Xulius Pokorny, efeituada por Celestino de la Vega e Ramón Piñeiro, coa denomiñación de "Cancioeiro da Poesía Celtiga". Pubricaráse, asimesmo, en data frónsima, a versión que da "Xeórxicas" de Virxilio fixo Avelino Gómez Ledo.

A Prosa Literaria

A mor parte dos nosos escritores, que houbesen podido intresarse pleamente pol-o ensaismo, vense obrigados a recortar (non só en eistensión-sinón tamén, en intención e profundidade) seus estudos, facéndos dirixibeis ao púbrico mixto el brosmo dos xornaes. Con todo, o ensáio sobor de temas galegos ten produsecido algun froito. A novela, entroques tivo unha manifestación menos ampla.

Velaí unha rápida memoranda: unha ollada panorámica dos libros en prosa literaria aparesecidos perante 1951. Todos eles foron xa ouxeto d'unha critica esplicita no infro oportuno. Vala, pois, nesta ollada de conxunto a sinxela apontación de alguns rasgos.

O velo probrema da saudade, reatualizado co ensaio filosófico de Ramón Piñeiro, "siñificado Metafísico da Saudade", tivo outros cultivadores, si ben con senso máis propiamente literario que científico. Asín, a relixiosa norteamericana Mary Pierre Tierrel, resumeu seus estudos sobor da lirica rosaliana, en denso volume: "A Mistica da Saudade. Estudo da noesía de Rosalía Castro". E Xosé Lois Varela deu a coñecer outro traballo, de siño interpretativo, baixo a denomiñación de "Rosalía o la Saudade".

Carlos Martínez Barbeito, fixo unha oportuna revisión das lexendaria figuras dos poetas meioevaes galegos, nun coidado libro tidoado "Macías el enamorado y Rodríguez del Padrón". Nun Caderno d'Arte, con reproduicións da obra do pintor, Xosé Ruibal foi estudo da persoalidade artística de Laxeiro.

Poden citarse, tamén, a reedición do texto de "El Buho Gallego" orixinal do Conde de Lemos, precedida d'un axeitado comentario ilustrativo.

Con referenza a criación novelística, moi pouco compre sinalar. Ricardo Carballo Calero deunos a sua "Xente da Barreira". Trátase da historial d-unha caste rural de aición rápida. O ton das descricións é espelido, poético. A prosa (unha belida prosa galega) trócase en instrumento fidel dócil a cispresión. O. P. Xesús Carballo escribeu "Fida; la hija del ultimo druída Galaico", cuxa trama desenrólase en Galiza, no segundo tercio da nosa xeira.

Investigación e Vulgarización

A Laboura no terreo da investigación e vulgarización, é cecáis, a que oferés un índice máis abondante de aitividades. No plano filolóxico, hai que anotar: "Geografía del seseo gallego" de Alonso Zamora Vicente, "Selección literaria del idioma gallego" de Fernández Pousa, e "Gallego portugués espirrar" de Manuel Rabanal. No arqueolóxico i etnográfico, antre moitos outros "Un grupo de iglesias románicas gallegas" e José Ramón y Fernández-Oxea; "San Ginés de Francelos", de Joaquín Lorenzo y Rubén García; "Los tesoros legendarios de Galicia" de Vicente Risco.

Antre as obras de síntese, deben anotarse: Diccionario boi-bibliográfico de escritores gallegos", orixinal de Antonio Couceiro Freixomil; e duas Historias da Literatura Galega, unha de Varela Jácome de tipo informativo, e outra de Fernández del Riego de senso máis valorativo.

Perante o ano aparesecerón múltiples volumes de divulgación e vulgarización, referidos as nosas cidades, monumentos, artes, etc. Fiugeira Valverde reeditou unha boa guia do smonumentos e itinerarios de Compostela, e pubricado un estudo monográfico encol da cerámica de Sargadelos. Chamoso Lamas escriben un sucinto libro sobor da vila de Rivadavia. "Lugo monumental e artístico" é o tidoo dunha obra na que Narciso Peinado reflexa unha impreisión da historia da cidade. Salvador Castro Freire, en "Lugo y sus hombres", evoca o perfil de diversas figuras, e unha serie de cousas, sucesos e costumes do paado. Espinosa Rodríguez, na sua reedición amplada de "Casas y cosas del Valle Miñor" descrebe as vellas mansións solariegas deta bela comarca.

Nas "Catedrales allegas" Carro García danos unha breve e crara visión das aneo basílicas de Galicia. Otero Pedrayo nas "Ciudades Gallegas", Fernández del Riego en "Danzas populares". Alvarez Blazquez en "Fiestas y Romerías" e Artaza Malvárez nas "Rías Gallegas" brindan outros tantos filmógrafos en torno aos temas que serven de tidoo aos seus respeitivos libros.

Compre aludir ainda, neste apartado, a "Los Estados de Monterrey en alicia", documentado volume, ao que precede un tinado estudo de Fernández Oxea, e "De mi viejo carnet", de Prudencio Landín. Neste derradeiro libro, o seu autor ao través dunha serie de artigos, vai describindo a vida de Pontevedra de finaes do século pasado e comezos do aitual.

As Artes Plásticas, e a Música

FRENTE a desidia xeral dos compradores posibeis d'obras d'arte, os artistas, en Galiza, decote estan a produscir; produsceen con abondanza i esforzo, con cobiza e concencia escrupulosa.

Pasou xa do meio cento o número d'especisións cerebradas en Galiza perante o ano. Antre elas, d'artistas noveis e consagrados, coleitivas e individuaes. Compre destacar no conxunto, as de Laxeiro, Xulia Minguillón, Díaz Pardo, Pesqueira, Rafael Alonso, Suárez Llanos, Lago Rivera, Xohan Luis, Kaydeda, a retrospeitiva de Dionisio Fierros, e a I Bienal d'Arte Galego de Bós Aires, no que colaboraron con notorio éisito de critica, seis pintores — Xulia Minguillón, Cárlos Maside, Laxeiro, Prego de Oliver, Díaz Pardo e Manoel Pesqueira—, e un escultor: Faílde Gago.

Fora de Galiza eisnuxeron: Arturo Souto, en México: Manoel Colmeiro, en París, i en Bós Aires: Luis Seoane.

Pol-o que a música respeita, hai que mencionar algúns acontecimentos de singular releve. Tal, o concerto da Coral Polifónica de Pontevedra, dirixida pol-o mestre Stokowsky na basílica compostelán, o mesmo o direitor que a agrupación, outiveron un sinalado éisito. Das razóns que ganaron pra este merescido prestixo, dixo un crítico: En lugar de orfeónicos alardes, o seu labor se singulariza pol-a arte, delicadeza e respeito ao estilo, puleritude d'afinación, sensibilidade pra o matiz, disciprina e axuste rítmicos.

Outro feito destacabel foi o do estreno, en Ourense, de "Doce canciones sobre poesías gallegas". Con versos de diversos poetas de Galicia, e música dos millores compositores hespañoes d'hoxe, as canciónes estrenadas conseguiron un resoante trunfo. Deunas a coñecer o crítico musical Antonio Fernández Cid, aituando como colaboradoras súas, a liederista Carme Pérez Durias e a pianista Carme Díaz Martín.

Nas diversas sáas de concertos do pais galego, interviron, ademáis, ao longo do ano 1951, os pianistas Antón Iglesias, Vázquez Sebastiá, Cor de Groot, e Xulius Katchen; o violoncelista Gaspar Cassadó, e o violinista premio Sarasate, Carlos Vázquez: as agrupacións Coraes, "Follas Novas", "De Ruada", "Cantigas da Terra", "Unión Orensana", antre as adicadas a música vernácula, e o "Orfeón Universitario do Porto", "Orfeón Pamplonés" e "Agrupación Coral de Cámara de Bilbao". Ademáis, aituaron diversas orquestas, como a "Sinfónica de Madrid", e a de "Cámara de Viena".

Merés sinalarse, tamén, a conferenza — Concerto sobor "Poesía y Música popular galegas", coa intervención del poeta Ramón Cabanillas e do concertista de zanfoña Faustino Santalices.

En Bós Aires editouse pol-a Editorial Argentina de Música "Cofre poemas galegos", formoso libro de grabados de Luis Seoane, poemas de Lorenzo Varela e música de Julián Bautista.

Institucións e Revistas

EXISTEN hoxe en aliza diversas instituciónes consagradas ao estudo das distintas manifestacións da cultura do país. O "Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos", a parte dunha meritoria laboura d'investigación, pubrica uns Cadernos, que van xa no Nº XIX nos que s'incruien os traballos dos seus colaboradores. A Editorial pontevedra "Benito Soto" adicada a produición lírica dos poetas d'hoxe. O "Museo de Pontevedra" editou varias obras d'especialización e tira a lús unha intresante revista. A "Real Academia Galega", ocupada na aitualidade na preparación dun Diccionario da Lingoa, finda de pubricar un número do seu Boletín, con mestas colaboracións, antre as que sobresaen unha de Casás Fernández encol do P. Feixoo e a crítica do seu tempo, e outro de Naya Pérez sobor da obra poética de Murguía. En Ourense e Lugo, as respeitivas "Comisións de Monumentos", editan seus correspondentes Boletins. Naquela cidade, ademáis do "Boletín do Museo Aqueolóxico Provincial", a agrupación "Posio-Arte e Letras" pubrica a sua Revista.

En Vigo radica a "Editorial Galaxia", que ten como finalidade alentar e propiciar edicións de creación, espallamento e de reatualización de textos clásicos. Na súa coleición "Grial", pubrica periodicamente uns Cadernos d'ensáios, dos que aparesceron xa tres: "Pretual en Galicia" e "Presencia de Curros y Da. Emilia". Incruen amplos estudos encol de temas filosóficos, artísticos, literarios, etc., e comentos críticos da aitualidade cultural en Galiza. Países Célticos, Hespaña i Europa.

A poesía está representada por duas pubricacións: a Revista "Alba" que ánima González Alegre e Otto Xosé Gameselle, e na que se centran as novas inquedanzas da presente hora lírica; e "Mensajes de Poesía", dirixidos por Edoarro Morcíras. En Lugo viveu unha vida efímera a tamén revista poética "xistral".

Outras instituciónes i editoriales, ademáis das menzoadas, refrexan inda un aitivo quefacer no houirizonte da nosa cultura. A "Editorial de Bibliófilos Gallegos" con aserto en compostela, lanzou diversas obras, ao través das súas catro series: "Colección del Bibliófilo", "Enciclopedia Gallega", "Galicia" e "Obradoiro". A "Editorial Monterrey" de Vigo, imprime duas series de libros: "Beatus Iacobus", de libros raros, curiosos e ineiditos, que fan referenza a Galiza, e "Leixado do Vento" constituída po robras literarias orixinaes galegas. A Editorial Porto, de Compostela, Moret da Coruña e Editorial Celta de Lugo, contribuien, asimesmo, ao gran esforzo editorial que se desenrola no país.

Compre sinalar, por outra parte, a tarefa d'eisaltación rosaliana que realiza o Patronato Rosalía Castro e a que leva a cabo a Universidade o través de cursillos especiaes consagrados a cultura galega, e nas páxinas do seu Boletín. Dentro do ámbito universitario, e dependente da Cátedra de Botánica na Facultade de Farmacia, funciona o chamado "Xardín Botánico de Fonseca". O seu direitor e inspirador, o doutor Bellot, traballa aitualmente na confeición do Mapa Xeobotánico de Galiza.. Editou, a sua vez, varios cadernos con estudos monográficos, antre os que merés especial menzón o adicado a flora galega, baixo o tídoo de "Mantissa Stirpium Gallaeciae".

Outras Aitividades

NO ano 1951 cerebráronse os centearios de varias figuras das letras e das artes. Antre eles, os do poeta Manoel Curros Enríquez, a poeta Manoel Curros Enriques, a Condesa de Pardo Bazán, e o músico Baldomir. Por tal motivo, na Galiza d'eiqui e na Galiza emigrada tiveron lugar diversos homaxes conmemorativos.

Ourense cerebrou un concurso literario pra premiar as millores obras adicadas a estudar a figura e a obrado autor de "Aires da miña terra". Os galardóns foron entregados en Celanova, nun aito celemne, no que aituou como mantedor Don Ramón Otero Pedrayo. Os Centros Galegos de Bós Aires, a Habana, Montevideu, Caracas, Santiago de Chile, Madrí e Barcelona, festexaron tamén o centenario con diversos aitos.

A Editorial de Bibliófilos Gallegos anunciou as bases d'un novo certame, dos que orgaiza anualmente. Nel premiaráse a millor coleición de refráns galegos, crasificados por temas; haberá d'estar precedida da esprícación das fontes, fundamentos e reseña da bibliografía utilizada.

Outros acontecimentos diños de mención: o descubrimento na Lanzada d'um povoado galaico da Edade do Ferro; a aprobación do proxeito do Museu Céltico que s'estabelecerá na Coruña; e a dramática nota da destrución do Mosteiro de San Xulián de Samos, tan vinculado a cultura do noso meioevo.

NON É VERDADE, SEÑOR GLOSADOR

O Sr. Fernández Almagro é un crítico literario do A B C de Madrid, e dise dil que é home sabedor do que trai entre maus, servindo as súas glosas pra orientar ó público leitor e pra formar xuicio do valor artístico e literario das óbras que enxuicia.

Pois ben. Nuns comentos que fai a unha escolma de versos de Curros Enríquez, acabados de publicar en Madrid pol-o Sr. García, nos que dí que foi "un poeta mais esquecido e descoñecido que calquera outro dos da súa xeneración"; e mais adiante engade: "teñamos presente que nin xiquera no trascurso da súa vida gozou Curros d'extensa notoriedade" cousa que o crítico da meseta atribúe ater escrio a sua obra principal na "lingua rexional" e á súa longa residencia na illa de Cuba manténdose alonxado de Madrid por moitos anos. "E Madrid, quéirase ou non, — dío il todo cheo de razón — é ponto obrigado de referencia e centro da nosa vida literaria". Cando di "da nosa vida literaria" é preciso ter en conta que se debe referir á d'iles, á da "ancha Castilla" — ancha na xeografía e estreita de esprito — e nunca á vida literaria de Galiza á que iles viviron sempre de costas, ignorándoa, negándoa e asoballándoa. Por iso lles parece que Curros é un poeta pouco coñecido e extendido, cando a verdade é que en Galiza comparte con Lamas Carvaxal a maior popularidade acadada por ningún home de letras da nosa Terra. E tanto é así, que cando nun fogar galego s'atopa un libro galego, ha de ser na imensa maoría dos casos, ou o "Catecismo do labrego" de Lamas ou os "Aires da miña terra" de Curros, e tamén lle podemos asegurar ó Sr. Fernández que as poesías mais estimadas pol-o noso povo son, precisamente, as que Ude. chama irreverentes e blasfematorias. E no continente americano, especialmente en Cuba e na Arxentina, tamé os galegos que alí residiron e os que aló están — incluindo ós da Galoza irredenta, incorporados á forza ás provincias hespañolas de León, Asturias e Zamora — tamén lle poden desmentir as súas gratuitas afirmacións.

Fique, pois, millor informado o crítico da meseta e teña en conta vostede e os seus coriffeos que os nosos valores non precisan, pra nada, da "consavración" da vila "del oso y del madroño". Cando a lingua de Udes. ainda so era o medio d'expresión duns cantos paletos, xa a nosa era usada pol-o enseños mais destacados de toda a Peninsula.

B. de S.

Galiza do Sul, febreiro de 1952.

RECRUDECE LA PERSECUCION

(TRADUCCION)

Las noticias que a diario nos llegan de la patria, dan cuenta de un recrudecimiento de la persecución totalitaria del régimen falangista contra toda manifestación auténtica de la personalidad gallega. Porque sí bien la represión es sistemática, no obstante, tiene sus altos y bajos, dentro de su constante dureza.

En la actualidad, la línea del terror sube decididamente en el gráfico de la sangrienta tiranía. La política yanki liquidó todo sentimiento de consecuencias con los ideales que de continuo se proclama campeón, toda apariciencia de pudor en sus tracamundanas de predominio, y dejando de lado mojigangas hipócritas, no duda en adoptar al franquismo, el bastardo huérfano del nazi-facismo. Y parece que las bases militares y demás concesiones que le interesan de la Península, se han de pagar algo más que con dólares: todo indica que la vida de los demócratas de los pueblos híspanos fué objeto de infames transaciones, y que al falangismo se le dejó las manos libres para que los extermine sin contemplaciones. Solamente así se explica que se fusilase ahora a los supuestos responsables de la huelga de Barcelona a casi un año de producidos los hechos; y asimismo ese proceso en masa en La Coruña, cuyas condenas a prisión suman decenas de años...

Sobre el galleguismo, movimiento esencialmente democrático, las crueles medidas represivas se aplican con el máximo rigor. El acorralamiento del glorioso idioma gallego continua de modo imylacable; cérranle a local y canto las columnas de los periódicos; se le ponen obstáculos casi insalvables a su admisión en el libro y en la revista. Los escritores que cumpliendo con su deber de gallegos utilizan nuestro idioma en su actividad literaria son colocados en la lista negra que los condena a no hallar donde publicar sus escritos. En fin, que el criminal propósito de aniquilar la nacionalidad gallega sigue aplicándose con toda intensidad.

Mas la larga experiencia de Galicia de resistir la política asimilista del Estado español, nos da la seguridad absoluta de que el tofo tirano actual no ha de tener mejor éxito que el que alcanzaron los Reyes Católicos y sus descendientes grandes y pequeños. El hecho de que a más de cuatro siglos de ininrrumpidas violencias contra del ser nacional de Galicia haya que reforzar las ataduras que lo mantienen aherrojado, demuestra con elocuencia irrefutable la fortaleza y el vigor invencible de nuestra nacionalidad.

Pero sería una insensatez y una traición, limitarse a una admiración pasiva de la asombrosa potencia vital de la insigne encadenada. La emigración gallgea tiene la obligación ineludible de estar al lado de su pueblo en estas circunstancias, de hacerle sentir el ardiente agarismo de su hermandad; de hacerle llegar espresiones prácticas, efectivas, de su solidaridad.

En este sentido, nuestra colectivdiad debe hacerse cargo de sus debrees patrióticos con la mayor decisión como la única y más importante y enaltecedora labor al lado de nuestro martirizado pueblo.

(Especial pra A NOSA TERRA)

Agardar e Lembrar

por R. D. A.

NON importa que o vento zoe se non arrinca o árbore. Non importa que a chea agurgulle se non alastra a terra. Que mais ten que se magoe a espresión dos defensores dun pobo se o pobo non morre.

Nistes días de agora Galiza non ten voz nin acento mais atrás duns tempos veñen outros tempos, e se o corazón de Galiza segue a latexar ha vir un intre en que a súa palabra se escoite. Mais compre pra que isto aconteza que os galegos non perdan a concencia de que son galegos.

As xiadas secan as follas das plantas, o sol de Agosto pon marelos os campos, mais en canto ven a primaveira, ou cando caen as choivas do Setembre, o que estaba seco remanece e verdexa o que estaba marelo. Por que acochada nas herbas murchas agardaba a vida.

Mais xa se sabe que vivir é lembrar, e por elo nós, os que lle temos lei á terra nativa, os que percibimos a quentura do seu corpo, os que miramos nela a compracencia da man de Deus, debemos lembrar en todol-os istantes e facer lembrar. Debemos decir que Galiza non é unha palabra valeira de contido, se non unha inxente realidade que se refrexa na súa fala, no seu chan e na súa historia, e que é un vencello que nos axunta, que nos determiña e que nos obriga aos que, queiramos ou non somos galegos.

Por baixo do vento que zoa, da auga que agurgulla, da man que magoa, lembremos e agardemos, como agarda a vida da herbiña do campo murchada pol-a xeada ou pol-o sol. E día chegará en que Galiza resucite.

Hai mais de catrocentos anos que se anda a precurar a nosa morte e ainda non morrimos. Hai mais de catrocentos anos que a nosa lingoa esta perseguida e a nosa lingoa é falada por moitos no día de boxe. Hai mais de catrocentos anos que se está tratando de po un disfraz ao noso corpo e unha máscara á nosa cara e ainda non se conseguiu encaixarnos nin a mascara nin o disfraz.

Compre pol-o tanto que teñamos fé e que coidemos que isto de agora non é outra cousa que un episodio dunha loita secular, e que como todol-os episodios terá que ter un fin.

E namentras ise fin non chega lembremos, agardemos, e alcendamos no noso corazón o lume da fé.

R. D. A.

GALIZA, febreiro 1952.

Valentín Paz Andrade

De regreso do seu viaxe a Chile e de paso pra Galiza, chgou á Bos Aires, o eminente abogado i escritor galego Don Valentín Paz Andrade, quen foi a veciña República especialmente invitado por un organismo da UN, pra dar unha xeira de conferenzas encol de temas económicos relacionados coa pesca.

O ilustre viaxeiro ven acompañado da sua distinguida dona doña Pilar Prada e teñen o propósitos de ficar nesta capital nus breves días.

CARTA ABERTA

Ao Excmo. Señor Don Francisco Xavier Sanchez Canton

EN MADRÍ

Señor meu:

O noso grorioso Castelao áchase no sono e no silenzo de pra sempre; íl non pode conoscer o escrito que vosté lle adicou, no fasc. XIX de Cuadernos Galiegos, en col da sua escrarecedora obra "As Cruces de Pedra na Galiza"; íl non pode estimarlle os xuizos gabanceosos nin pode respostarlle aos laidos, consellos e outros deceres que vosté teceu no seu devandito escrito. A nota "Cruces y Cruceros" paresce, de primeiras, feita por vosté con ár de xenerosa ensinadela e con doce candura; mais, xa o non paresce tanto, cando un se pon a debullar n-ela.

Por iso, quenes tivemos a honra, o privilexio eo gozo da amizade ima de Castelao, quenes soupemos do amago dos seus pensamentos e fumos confidentes dos seus derradeiros sentires, coidamos ter a obriga de recoller a nota de vosté e de a respostar no senso e no alcance até onde o permita noso leial saber i entender. Dende logo, é ben de layar que teña de sere a miña cativeza de emigrante galego calisquera —saido, fai moitísimo tempo, a edade de dez anos do colo da nosa sagra Terra—, a que, pol-a forza das circunstancias, deba defrontar tan grave misión diante a grandía de unha persoalidade catriacadémica. Mais, a verdade do meu decer, terá de suprir a falla de categoría inteleitual que fora mester pra alternare con vosté. ¡Por Castelao morto falaremos os discípulos vivos!; mais, ¡ai!, que o non podemos facer ca sua outa mestría.

Primeiro de ren, teño de ceibar a door patriótica galega (¡que tamén sería a de Castelao!), de ollar como —galego vosté, galego o libro eo teima ouxeto do comento, e galego, o menos pol-o tíduo, o Caderno que a pubrica—, non somentes fixo vosté a nota en castelán, senón que, o transcrebir os tíduos dos capítuos e sub-capítuos do libro "As Cruces de Pedra na Galiza", nin tan siquera respetou a língua galega na que éles foron escritos e pubricados. A cousa —que de primeiras paresce intrascendente—, empecha, o meu ver, unha gravedade de orde patriótico, de leialtade a Galiza e de dinidade galega, que se non pudo tere furtado a agudeza de vosté nin a sua conscencia de home da nosa Terra.

Manifesta vosté na sua nota, que: "No una circunstancia, sino muchas y de altísimo relieve, aconsejan a Cuadernos celebre la espléndida publicación de la monografía admirable de uno de los más grandes artistas gallegos de todos los tiempos, Alfonso Castelao: "As Cruces de Pedra na Galiza"... Pois certamentes, pra un erudito galego non é bo xeito de "celebrar" a lumiosa obra, desemulando e case que silenzando o que pra Castelao foi alcendida arela, fonda ledicia e nobre orgulleza patriótica: o habere percurado arrequentar a sagra língua da sua Terra coa engadega de un ricaz traballo de investigazón, de vaor universal, no que puxo sua máisima sabencia, longos anos de afotosos quefaceres e tuda a quentura do seu tenro curazón galego.

No debullar na nota de vosté, atópanse seus laidos e conselios: áchadego da cruz de Herculano, ...preferibel supresión de algúns capítuos da obra, ...orixe dos cruceiros galegos...; encol de elo, somentes íl —Castelao—, podería espor as razóns que tivo pra facelo esí. Pol-a miña parte, podo dicir que, n-algunha vegada, lle ouvín falar da cruz de Herculano. E moitas vegadas tamén lle ouvín margurados queixumes no senso de que, certa persoa que en Pontevedra recolleu, pra salvala, a sua papeleiría, non lle houbese feito chegar, o menos, as notas que tiña, antre ela, sobor de cruces e cruceiros, sabendo que a íl lle debían ser de vaor pra o libro que istaba escrebindo. Con Castelao se foi o segredo do que isas notas poderían representar pra modificar ou ampriar a sua obra. Tamén é do caso sinalar o que éle, con honradeza exemprar, deixou dito no "Envío": "Poño fin a este libro nun intre azaroso da miña vida, nas vísporas de sair para Franza, a onde me leva un deber inescusabel. Nin tempo me queda pra repasar as coartelas que deixo escritas, nas que, de seguro, ficarán párrafos confusos e conceitos mal enfileirados"... Esventuradamente, cando voltou da Franza, chegou ferido de morte e xa non tivo azos pra revisar sua obra que, pouco dempóis, dábase ao prelo.

No debullar na nota de vosté, feríunos moito iste párrafo: "El libro, hermosísimo, quedará como recuerdo duradero de un espíritu extraordinario, al que desvió durante algunos años un apasionamiento que debió superar". ¡Desvío! ¡Desvío en Castelao! Non, por certo. Sua paixón, que somentes era referida a canto atinguise a patria Galiza, o non desviou endexamáis, senón que o centrou: o centrou maxestosamente, como cifra e celme, como mestre e Guieiro da galeguidade. Tan o non desviou, e tan outa superazón se daba n-éle, que eu lle podo dicir a vosté da sua anguriosa preocupazón por acadar o recobramento da concordia espritoal do povo galego. E tan abondosa era a sua xenerosidade, que eu me lembro ben da ledicia que brilou nos seus ollos, —de cote atristurados—, cando viu que vosté había escrito en galego o limiar do beiido libro "Pontevedra boa Vila" de Portela Paz pubricado en 1947. ¡Coidaba que elo fose unha contrita patriótica reitificazón de vosté na liña alleeira imposta ao Instituto Padre Sarmiento!

No debullar na nota de vosté, chouta o amarguexo d-unha alusión a un "proceder incomprensible" con vosté, no tráxico ano de 1936. Non sei ó que quer referirse. Non podo concebir o que elo fose. Nón se daría, tamén no caso, as "informaciones incompletas, cuando no malévolas", de que vosté fala? Porque, igoalmente, eu teño de dicirlle algo que xa lle fixen saber a vosté por un amigo común: a felice e eficace intervenzón que tivo Castelao pra conxurar unha perigrosa situazón que a vosté se lle creara en Madrí nos dramáticos intres do salvamento das obras do Museo do Prado. A certas manifestaciós de pesadume feitas por vosté, se lle daba, no alporizamento daquela hora tráxica, unha interpretazón trabucada: tomábase como sabotaxe ao disposto pol-o goberno da República. E Castelao, sabendo que a sua door era sinxela e nobre, acodiu a avalalo en outas esferas, conquerídose esí que se esvaira a atmósfera mesta formada o redor de vosté de que, as suas aititudes, respondían a razós políticas.

No debullar na nota de vosté, chegamos como romate as espricaciós que da en col da "sucesión del Seminario de Estudos Galegos", coas cales percura vosté ceibarse da acusazón que, o redor d-elo, con verba serea e senso solene, fai Castelao no "Envío". Non me compete a mín recoller nin eisaminar o que vosté sinala como solprendente razón da morte do Seminario de Estudos Galegos. Outros o deberán facer. O que sí quero eu, é procramar a eistraordinaria confirmazón que vosté oferce da abravante e carauterística intuición de Castelao. En cantas ocasiós comentábamos con Castelao a tristeira e deprimente liña seguida pol-o Instituto Padre Sarmiento, de facer e pubricar tudol-os traballos en idioma castelán, desprazando esí a nosa língua do cerne da cultura galega, Castelao non compartía a creenza xeral de que isa liña fora imposta, a nome do centraismo oficial hespañol, pol-a entidade nai: o "Consejo Superior de Investigaciones Científicas" de Madrí. Castelao sostiña que vosté e Filgueira puxeran —e así o estampou no "Envío"—, "a nosa cultura nas fauces dun Estado devorador". Sempre escramaba: ¡"Eu coñezo os meus crásicos"! Anque as afirmaciós de Castelao eran pra nós coma artigos de fé, non deixabamos, n-iste caso, de manter nosas dúvidas. Mais, velhaí, que vosté mesmo ven a dar crara e defiñitiva confirmazón ao que Castelao xenialmente intuíu. Na devandita nota, vosté nos di que: "El Consejo Superior de Investigaciones Científicas"... con generosidad y amplitud de miras, que los gallegos nonca agradeceremos bastante, fundó el Instituto Padre Sarmiento en 1943; le consiguió magnífico local; obtuvo la instalación decorosa de su Biblioteca y de su Museo...; nada exigió y nada impuso, fuera de laboriosidad y probidad científica". ¡Cómo e cánta razón tiña o inmorrente Castelao!

De agora en adiante, xa Galiza sabe, sen logar a dúvidas, que a proscripción da língua galega no Instituto Padre Sarmiento, non foi eisixida nin imposta; xa sabe cómo e por quén, graciosa e voluntariamente, con deixazón das máis elementaes obrigas patrióticas, se está facendo entrega dos froitos da outa cultura galega a orgaismos alleos, servidos, pra maor vergoña, na bandexa do idioma castelán. ¡Do idioma qué ven abafando a nosa sagra língua, na nosa propia Terra, dende fai catro séculos!

O sauda, respetoso, o doorido espritu galego de

RODOLFO PRADA.

Terras Baixas do Limia

Homaxe a Curros en Celanova

NA inauguración do monumento a Curros Enríquez en Celanova, non podía faltar a nota discordante coma decote se ven facendo pol-os que deberan d'estar na súa casa... ou noutro sitio, e d'esta vegada estivo a cárrego do alcalde da vila de San Rosendo, Manuel Rodríguez Alonso, quen ó dar a venvinda ós académicos da Galega e público en xeral, rematou a súa cativa perorata cun "Arriba España" que foi contestado pol-o imenso xentío co máis unánime silencio, dando esí unha boa lección ós desleigados que pretenden, vanamente, encaixar na nosa Patria, Galiza, doutrinas alleeiras que repugnan a todos os galegos, sexan da ideoloxía que sexan.

O discurso principal estivo a cárrego de O. Pedrayo, a quen lle prohibiron falar en galego, sendo esa, tal vez, a causa de que non abranguese a outura e elegancia d'outras veces, pois fixo unha cousa fría e un tanto académica, non parecendo o gran orador que estamos afeitos a escoitar.

Os premios do concurso foron adxudicados a Alberto Vilanova, d'Ourense, o primeiro, pol-o seu traballo bio-bibliográfico encol do poeta; o segundo a Celso Collazo, de Sant-Yago, por un estudo da lénda "A Virxe do Cristal" e a Emilio Ferreiro de Celanova un accésit.

Foron recibidos como académicos de número da Academia Galega os Sres. Ferro Couselo e Lourenzo Fernández, versando o discurso do primeiro, que é un ilustre historiador, filósofo e arqueólogo galego, encol da persoalidade de D. Mauro de Luzón Castellá Ferrer, do coal fixo un acabado estudo cunha introduzón en galego que arrancou moitos aplausos. Contestoulle D. Florentino L. Cuevillas cun afervoado discurso en galego, facendo destacar a coincidencia do gran amor que sentían por Galiza o recipendiario, Castellá Ferrer e o P. Cabrera, cuia vacante viña a ocupar o Sr. Ferro Couselo. A peza do Sr. Cuevillas por ser en galego e pol-a valentía que encerraban moitos párrafos, foi motivo de grandes gabanzas por todos, especialmente pol-a xente moza que lle soubo a pouco o que dixo, sendo felicitado por gran cantidade de público.

O Sr. L. Fernández estudou a casa galega a través do tempo, contestándolle o Sr. Otero Pedrayo.

No descobrimento do monumento falou o señor Casás que soubo pór emoción no que dixo, sendo tamén moi aplaudido.

A obra de Paco Asorei —un busto de bronce fundido na casa Malingre d'Ourense— é dunha gran beleza e móstranos ó poeta nunha pose arrogante na que parece decerlle ós xudas da Patria: "eiquí estou eu, desleigados".

A aituación dos coros d'Ourense e A Cruña cantando en locais pechados e na rúa, deu unha leda nota de corido enxebre que o público premiou con aplausos e vivas, sendo de destacar un da cibdade herculina que cantou no Casino da vila o Himno Nazonal Galego, que foi escoitado en pé con relixoso silencio, pol-a numerosa concurrencia, que ó final aplaudiu con entusiasmo desbordante.

D. Daniel Calzado leu, dende a casa en que morou Curros, unhas coartelas en galego, en representación dos galegos emigrados, asociándose ós aitos que se celebraban, sendo tamén aplaudido con calor.

—o—

Os que tivemos a sorte d'asistir ós aitos de Celanova e ver aquíl imenso e entusiasta xentío, poucas veces visto en casos análogos, non puidemos menos de evocar aquíl mes de setembro do ano 942, no que foi consagrada por San Rosendo a monumental igrexa de Celanova concurrindo 11 bispos, 24 condes e moitedume d'alcaldes, presbíteros, diáconos, etc. E como non podía ser menos, tamén lembramos con fonda emoción outro mes de setembro do ano 35 no que nos xuntamos na histórica e simpática vila varios miles de mozos galeguistas pra facer afirmación de fe nazonalista.

Corresponsal.

Fusilamentos en Hespaña

Vai para dezaseis anos que o abufetado falanxismo hespañol ven ensañándose impunemente nos martirizados povos ibéricos, co silenzo i-a complicidade da irexa cristiana i-o mundo do poder. Como o nazismo i-o feixismo, o réxime hespañol quer conducirnos ao home-rebaño, ainda que elo siñifique o extermiño de povos ou comunidades enteiras.

Derradeiramente, o fusilamento de once traballadores, almas de hérois e mártires, provocou foulas de indiñación i-ergueu airadas protestas nas partes máis sensibeis do mundo civilizado. En Copenhague, a man anónima arreguizada do povo, esboirou nun "Asesiños" estampado no fronte do edificio da embaixada odiada. Unha i-outra vegada, cando o chumbo do crime impune cai sobor de peitos inocentes, dos peitos onde ainda trème a luz da diñidade dun mundo que envilecido apodrece, voces enxebres, cramantes, fan ouzar a súa protesta aos catro pontos cardinaes. Pro esas voces de belida solidaridade humá, que unha i-outra vegada se pronuncian, esbaran pol-o insensibel mundo oficial das chamadas "democracias", atento somentes a defensa dos seus privilexos e intreses, i-olímpicamente alleo a dór, ao martiroloxo duns povos en loita desesperada pol-o seu pan i-a súa liberdade.

Ese mundo oficial e do poder que nele secou a fonte da xustiza, é o mesmo que, nos anos 1936-39, foi cómplice histórico da masacre, levada a cabo pol-as lexións de Hitler e Mussolini, dos povos peninsuares, entón verdadeiros defensores dos postulados que agora ele ergue como embrema e fito. Ese é o mundo que ficou impasibel e cego diante da retirada dantesca de meio millón de defensores da diñidade do home e logo os confinou, para deixalos morrer como apestados, tras das alambradas de púa coitadas por bárbaros senegaleses. Ese é o mundo que esquecen definitivamente —lémbrese a promesa dos laboristas; leánse as memorias inglesas de Churchill— os inesquecidos, por sentidos, sagrifizos de Africa, de Narvik, de Franza, a prol da liberdade de todol-os povos do mundo. ¿Por qué se lle nega xustiza aos povos ibéricos? Sinxelamente porque non eisiste a xustiza nese mundo de voraces egoismos, que se desfai i-a morrer por mor das inxustizas. Inútil será, pois, o prego dos espritos millores.

Nembargantes, tamén as masacres teñen seus lindeiros; i-as inxustizas históricas o seu castigo. Non é que procuremos consolarnos con frases efeitistas. Decímolo porque nós crémos na concencia da liberdade e da xustiza, os máis outos valores que alentan no esprito de cada home, e que somentes perecerán con ele. Ao amparo destes valores eternaes, impuladores do progreso moral i-a superación do home, temos de redobrar, dun xeito implacabel, sin vacilacións e con fe no trunfo, a loita contra a crudel tiranía que sigue facendo ceifa nos homes ceibes. Cando chegue a bao hora, cando a lei fique ao marxe da vida por inservibel, o noso brazo executor, será o brazo de todol-os mártires e sagrificados en aras da liberdade i-a xustiza.

Monumento a Castelao no Centro Galego

No gran edifizo do Centro Galego de Bós Aires, por acordo da H. Xunta Direitiva, interpretando patrióticamente a proposta do seu membro o doutor Pedro J. Prado, vai a erixirse unha estatua a Castelao.

Compre manifestar, que as autoridades da dita institución e por iniciativa do seu diño presidente, Don Xavier Vázquez Iglesias, tomouse o acordo de que o patriótico homaxe a Castelao fose respaldado por toda a coleitividade galega da Arxentina, constituíndose asín, unha Comisión que ficou integrada por persoeiros das seguintes entidades: Centro Galego de Bós Aires, Federación de Sociedades Galegas, Centros Coruñés, Lucense, Ourensán e Pontevedrés, Irmandade Galega, Sociedade de Beneficencia Galega (Hospital Galego), Centro Betanzos, Centro A. B. C. de Corcubión, Centro Galego de Avellaneda e Casa de Galicia.

Posta en función a devandita Comisión, acordou abrir un Concurso no cal podrán tomar parte escultores de calisquera nazonalidade. O monumento, consistirá nunha base dun metro de outo, e a estatua de 1.80 a 2 metros; todo elo en granito compostelán, de Mar del Plata ou similar. O valor da obra porá acadar a suma de 130.000 pesos m|n. Como compre nestes casos, desiñaráse un Xurado d'artistas que xulgará o mérito das "maquettes" presentadas, e, ao escultor cuxo proieito outeña o primeiro posto na calificación, otorgaráselle a realización da obra, ou pol-a contra, un premio de 20.000 pesos m|n. Aos autores dos catro proieitos que sigan no orde de mérito artístico, compensaráselles con 5 000 pesos, a cada un. Pra maior comprensión do esprito que animará a obra, espallaráse antre os escultores de Galiza, América, Hespaña, etc., e a todo aquel que o solicite, un folleto contendo as bases do Concurso, unha biografía e datos da persoalidade de Castelao, mostras d'escritos e dibuxos seus, fotos, etc.

Ténse calculado que o custe da obra, premios e propaganda, andará nos 200 mil pesos, e pra cubrir dita suma, a Comisión Especial orgaizará unha suscrición popular no seo da coleitividade galega, dándose por descontado o éisito da mesma, tendo en conta a afervoada devoción que todol-os galegos sentimos por Castelao, a figura galega más eistraordinaria de todol-os tempos.

PONDO AS BARBAS EN REMOLLO

O falanxismo hespañol, conscente de que logo da súa *liquidación* o idearium *dunha Hespaña grande e Unica*, non porá ser continuado., teima facer humorismo, denunciando un feito que, é d'abondo eispresivo e que da a medida dé como reaxerá o noso povo nun réxime de liberdade.

"EVOLUCION DE UN PERIODICO EN GALICIA"

(De "Arco". órgano de Falange en Orense)

Año 1939: "El Pueblo Gallego", de Vigo. Organo de Falange y cinco flechas grandes.

Año 1941: "El Pueblo Gallego", de Vigo. Organo de Falange y cinco flechas pequeñas.

Año 1943: "El Pueblo Gallego", de Vigo. Al servicio de los intereses de Galicia y sin flechas.

Año 1938: "El Pueblo Gallego", de Vigo. ¡¡Viva GALICIA CEIBE!! ¡Ya está bien "Irmans"...

CENTRO LUCENSE

Esta progresista institución, inaugurou o 6 de xaneiro p.p. seu gran edifizo social no seu campo de Deportes "Galicia" na localidade d'Olivos.

Foi asín que se programaron un feixe d'aitos que deron comenzo nas primeiras horas da mañán.

Antre os devanditos aitos, compre destacar, o gran xantar ao que concurriron autoridades nazonaes, representantes da radio e a prensa, asín como tamén, delegación de todas as entidades da nosa coleitividade.

As 18 horas, no amplo Salón Teatro, celebrouse un aito cultural no que participaron coñecidos números artísticos, previa unha improvisada pro moi elocuente disertación do seu segredario de Cultura, señor Indalecio Alvarez.

Compre destacar ademáis, a presentación feita nesta ocasión, do coro social do Centro Lucense, cuxas interpretacións — canzóns galegas e arxentinas — foran moi celebradas pol-o numeroso púbrico e premiada a súa aituación, con afervoados aprausos.

Progresos do Noso Agro

Yso de que o labrego galego é rutinario e enemigo d'innovacións, é un tópico xa demasiado gastado, anque tal vez certo en parte; non embargantes é preciso ter en conta que en países coma Francia e EE. UU, onde a cultura do agro acadou unha outura pouco doada d'igoalar, tamén hai quen di que os seus labregos están aferrados a sistemas de cultivo xa caducados.

Quen bote unha ollada retraspeitiva o noso rus, poderá ver que en nada mais que dúal décadas operouse nil unha evolución nun senso que ha de revolucionar o tradicional xeito d'exploación dos nosos predios.

Os labradores decatáronse de que o producir un becerro que vai a dar, poñamos por caso, 1.500 pesetas na feira ós catro meses, cústoulle a il, en leite — o traballo aparte — unhas 2.000 pesetas, facendo pol-o tanto, un negocio ruinoso; i'entón outan por feirear as crias ós dous meses ou antes e vender o leite pr'as fábricas de queixo e manteiga que llo pagan a precios bastante remunerativos, ou ben elaborar iles, no seu propio fogar queixos moi sabrosos, coa ventaxa de non estar expostos a que o goberno hespañol lle requise os becerros, pagándollos a precios ruinosos. ¿Porqué o Goberno feixista paga o aceite ós andaluces, e o trigo ós casteláns, cinco, seis e sete veces o seu valor con relación ó ano 36 e os productos galegos intervidos — millo, centeo, carues, fabas, patacas, travesas pra ferrocarril, etc. — non chegan na maoría dos casos a doblalos? Que os papóns dos nosos compatiotas que viven ciquí e os que viven na libre América se decaten de qué os hespañois — monárquicos republicáns, feixistas — so "nos utilizan", como dixo Castelao.

Temos nesta provincia, entre outros de menor importancia, as seguintes fábricas, algunhos das cuais ten producciónes de miles de litros diarios: Vinso de Liria, Vilar de Barrio, Oscira, Valoiro (Lovios), Quintela de Leirado, dúas en Celanova, Balar e Ramirás.

Hai outras mais cuia producción diaria, auque pequena, aumenta de día a día e que surten os mercados internos de Galiza nas vitas e alfábricas fornecen gran variedade de producto dende o queixo corrente é económico a's cremas mais selectas servinño pedidos a toda Galiza e a moitas provincias da Hespaña.

Por todo o dito vese que os nosos aldeáns se van decatando de que a Galiza non lle convén transformar o leite en carne, senón elaborar co'el queixos, manteigas, leite condensado (en Pontecesure eisiste unha fábrica de leite condensado, dotada de maquinaria modernísima, cunha producción diaria que iguala ás mais grandes d'Europa), leite en pó, liete acidificado, etc.

B. de S.

Galiza do Sul, novembro do 51.

Aniversario de Castelao

A Coleitividade Galega Lembrou con a Fervoados Aitos a Memoria do Grande Patriota

O 7 de xaneiro de cada ano, é data nazonal dos galegos. Data de lembranza e fonda dór pol-a perda irreparabel dun dos máis ilustres i eminentes fillos de Galiza de todol-os tempos. Pois Castelao, pol-as múltiples facetas do seu meraviloso talento creador, e ao través de corenta anos d'afiuzada loita ao servizo da patria galega, é a figura símbolo, a encarnación humán da alma inmorrente de Galiza.

O día 7 de xaneiro de 1952, cumpríronse dous anos que Galiza sufreu a irreparabel desgracia da morte física do seu máis grorioso fillo, do seu máis fidel intérprete e o máis afiuzado loitador aprol da súa liberdade.

No 2do. aniversario da sua morte, Castelao foi honorado pol-os galegos emigrados con diversos aitos pleos d'emoción que puxeron de manifesto a firme e rexa adhesión aos seus ideaes patrióticos.

A coleitividade galega de Bós Aires, por intermedio da Comisión Intersocietaria que está formada pol-os Centros Coruñés, Lucense, Pontevedrés e Ourensano; pol-a Federación de Sociedades Galegas; pol-os Centros de Betanzos, Corcubión e a Irmandade Galega, levou a cabo a realización de tres mañíficos aitos para honorar a memoria de Castelao no 2do. aniversario da sua morte: un ao pé da estatua de Castelao nos xardíns do Pazo Galego; outro no Panteón do Centro Galego onde repousan os seus restos, e o terceiro, acarón do busto do grande patriota eisistente no vestíbulo do Centro Betanzos.

NO PAZO GALEGO DO CENTRO PONTEVEDRES

Diante da estatua de Castelao, que se ergue nos xardins do Pazo Galego, realizouse un homaxe que acadau emocionada siñificación. Mañíficas ofrendas froraes acugulaban o basamento.

Logo d'escoitarse con fonda emozón o Hino Nazonal Galego, o señor Manoel Ucha, eispricou a siñificación do aito e presentou aos oradores. Falou o señor Bieto Cupeiro en representación da Comisión Intersocietaria; a continuación, Don Cándido Rey presidente do C. Pontevedrés e fechando o aito, o señor Antón Alonso Ríos Segredario do Consello de Galiza. Os tres oradores en sendos discursos destacaron a rexa personalidade de Castelao e o trascendental valor da sua obra d'artista, d'escritor e de político patriota galego.

NO PANTEON DO CENTRO GALEGO

O domingo 6 de xaneiro, as 11 horas, levouse a cabo o segundo aito dos programados en homaxe a Castelao. Tivo lugar este, no artístico adro do Panteón do Centro Galego de Bos Aires onde repousan os restos de Castelao, véndose extraordinariamente concurrido. Contou coa adhesión oficial do Centro Galego que, ademais, fixo pubricaciós nos xornaes invitando aos seus asociados a concurrir ao homaxe.

O aito, estivo presidido, pol-o Segredario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos, pol-as autoridades do Centro Galego co seu presidente señor Xavier Vázquz Iglesias e pol-os dirixentes das entidades integrantes da Comisión Intersocietaria. Asimesmo ocupaban postos d'honor o ex ministro do Goberno d'Hespaña doutor Laureano Gómez Paratcha e representantes de numerosas sociedades galegas.

A ceremoña que acadou grande solenidade, deu comezo co Hino Galego maxistralmente interpretado pol-a masa coral "Terra Nosa" do Centro Ourensán que tan brilantemente dirixe o mestre D. Isidro B. Maiztegui. A mesma coral, cantou "Negra Sombra" que emocionou fondamente a concurrenza.

Axiña, o presidente da Comisión Intersocietaria don Bieito Cupeiro, en sentidas frases e conceitos afervoados, rindeu homaxe a memoria do grande galego e adicoulle unha fermosa ofrenda floral en nome das entidades patrociñadoras do aito. A seguido, cedeu a tribuna ao señor Rodolfo Prada, presidnete da Irmandade Galega, a quen, a Comisión Intersocietaria encarregada do discurso de circunstanzas. O señor Prada, pronunciou unha emocionada oración eisaltando a figura inmorrente de Castelao e a trascendenza histórica da sua obra patriótica, discurso, que pubricamos íntegramente en logar aparte.

NO CENTRO BETANZOS

O terceiro aito en homaxe a Castelao levouse a cabo na noite do 7 de xaneiro, no amplo vestíbulo do Centro Betanzos ao pé do busto de Castelao, obra do escultor galego Maza, con numerosa concurrenza entre a que se destacaban os compoñentes do Consello de Galiza, os dirixentes do Centro Galego, das entidades compoñentes da Comisión Intersocietaria e de moitas outras entidades galegas.

Deu comenzo o homaxe co Hiñor Manoel Ucha presentando aos moito acerto pol-o coro "Castelao" da Sociedade Parroquias Unidas de Rianxo, baixo a hábil direición de Don Anxel Romero.

Axiña, e previas frases do señor Manoel Ucha presentando aos oradores pronunciaron elocuentes e afervoados discursos, o presidente da Comisión Intersocietaria D. Bieito Cupeiro e o presidente do Centro Betanzos, D. Antón Suárez do Pazo. Ambos fixeron certeiras sembranzas da groriosa figura de Castelao e do que ela siñificou pra nosa Pátria.

Pechou o aito cunha emotiva e patriótica oración, o Segredario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos.

HOMAXE EN CARACAS (VENEZUELA)

Tamén o segundo aniversário do falescimento de Castelao, foi lembrado pol-os galegos emigrados en Caracas (Venezuela) cun solene aito orgaizado pol-o prestixoso Centro Galego daquela Capital que preside, Don Victorino Mateo

O aito, levouse a cabo nos salóns da dita entidade o sábado 5 de xaneiro co seguinte programa: primeiro, Himno Galego pol-o coro do Centro; segundo, apertura do aito pol-o señor Mosqueira; terceiro, intervención do señor Aretxabaleta, presidente do Centro Vasco; cuarto, disertación do señor Pi Suñer (fillo) presidente do Centro Catalán; quinto, leitura do poema "¿De qué morte morreu a nosa prenda?" do grande poeta R. Cabanillas, pol-o señor Fernández Vila, segredario do Centro Galego; e sexto, verbas finaes do señor Silvio Santiago.

HOMAXE EN MONTEVIDEU

A audición radial galega "Sempre en Galiza", que se trasmite os domingos por Radio Carve da capital uruguaia, adicou integramente a sua audición do domingo 6 de xaneiro, a conmemorar e honorar a Castelao no segundo aniversario do seu pasamento.

OUTROS HOMAXES

O noso estimado colega "Galicia" órgao da Federación de Sociedades Galegas, a revista "Alborada", voceiro da sociedade de Corcubión e a audición "Recordando a Galiza", adicaron enozoadas espresións a eisaltar a figura inmortal do grande patriota no segundo aniversario da sua morte.

Verbas do Irmán Prada

Señores membros do Consello de Galiza. Señor Presidente do Centro Gallego. Irmáns galegos:

A Comisión Intersocietaria, composta pol-os Centros Coruñés, Lucense, Orensano e Pontevedrés, pol-a Federación de Sociedades Gallegas, pol-a Irmandade Galega e pol-os Centros Betanzos e Corcubión, fixome a honra de me desinar pra que, n-iste aito de homenaxe a Castelao o se cumprir o 2o. aniversario do seu pasamento, dixese unhas verbas de lembranza.

Mais, as miñas non poden sere verbas de lembranza. O lembrar presupón posibilidade de esquecimento, presupón lonxanía, — no tempo ou no espazo—; e tamén presupón un térese esvaido, —nos ollos e no espritu—, aquelo que se teña de lembrar. Aos que tivemos eiquí a grandeira honra co fondo gozo da campaña de Castelao, aos que tivemos o privilexio de aproveitar dos ensinos da sua mestría, —leicións de reuta e limpa conduta, leicións de afervoada paixón patriótica galega, leicións de beleza artística, leicións de lumiosa sabenza—, a nós os galegos de Buenos Aires que tivemos isa honra, ise gozo e ise privilexio, non-os axeita o falar de lembrarlo...

¡Lembrar a Castelao!... Pero, si o temos vivo, latexante, rexo, ledo e maxestoso a carón de nós en tudol-os intres...: no seu "farol" da rua Belgrano, no Consello de Galiza, no fogar do Centro Orensano, en tudol-os aitos culturaes e patrióticos que fai a coleitividade, en tudol-as nosas tarefas galeguistas... Il está de cote a facernos ledicisa a viña co seu sorrir outimista, co seu trascendente humorismo co seu arte ricáz...; íl está sempre a nosa veira, fortecendo noso espritu cos seus ensinos maxistraes, íl está a cotío iluminando os vieiros do noso camiñar anceoso pol-os eidos ideaes da Terra sagra, ¡da nosa Terra!, que arelamos axudar a remir... Ollamos en tudol-os intres sua nobre e lanzal figura de Redentor, cos brazos en cruz, —¡cruceiro il mesmo—, en xenerosa aititude de abranguer a tudol-os fillos da patria Galiza pra os estreitar a carón do seu peito e transmitirlles a quentura do seu tenro curazón; ollámoslo coma outo e refulxente faro guieiro da galeguidade... Ouvimos, permañentemente, sua quente garimosa voce ditándonos escrarecidas leicións de patriotismo, de amore as nosas tradicións, de eisaltazón das virtudes do noso povo, de defendemento dos sagros direitos da nazón galega...

Castelao foi o escolleito, pol-o xenio de galeguidade pra que n-íl, no seu espritu enxel e no seu tenro curazón galego, resoase tud-a vida da sua patria Galiza o longo dos séculos: o mesmo as dindas de ledicia, de groria e de libertade, com-as moitadas de sofrimentos, de loitas e de escravitude. Tud-a milenaria historia da Galiza se refrexou n-il e tuvo o mais fidel intérprete. Castelao, era n-ista época, a mais outa espresión da galeguidade, como o fora Rosalía no século derradeiro. Na historia da Galiza, Castelao encarnará a sua época, tal como encarnaron as suas, as grandeiras persoalidás galegas do pasado: Breogán, Priscilliano, San Rosendo, Xelmírez, Pardo de Cela, Feixóo e Rosalía. Nos nosos días, Castelao foé, no órde patriótico, no órde patriótico, no órde da reivindicazón nazonal galega, o que foron De Valera pra Irlanda, Paderewsky pra Polonia e Massaryk pra Checoeslovaquia... Igoal que íles no afervoado apostolado patriótico, nos sagreficios, nas persecuciós e na pelegrinaxe pol-o desterro... Mais íl morreu no eisilio, sen gozar da inefabel ledicia de contemprar a sua patria Galiza redimida e ceibe como il a soñara.

Castelao, foi un predestiñado rentes do pasamento de Rosalía nasceu Castelao. A sagra Terra Nai, ábrese anguriada pra recoller e gardar garimosamente no seu seo, os atormentados despoxos mortaes da mais esgrevia muller galega de tudol-os tempos; e a seguido, coma compensación cumprida, coma reparación integral da iñorme perda que sofrira a galeguidade, a Terra nosa, a sagra Terra Nai, alumea a Castelao; e a íl lle trasfire o ámago do seu espritu do cal fora Rosalía diviña depositaria e fidel intérprete. Rosalía encetara a grandeira tarefa de redenzón da Patria, do soerguer a Galiza do afondimento de catro séculos de dramática esventura. Seu curazón atristurado, rompera en laios lastimeiros, i en firentes, témeros i enrabechados apóstrofes de desespero qu sacodiron a ialma do povo galego.

Castelao xurdeu milagreiramente pra progredir a misión providencial da rula do Sar. Rosalía recollera no seu doce curazón de muller galega tuda a infinda door da patria Galiza; e chora, e crama xustiza, e berra sua protesta, o mesmo tempo que canta, en poemas inmortaes, o marmurio dos regatos, o rexoubar dos paxaros, as herbiñas do campo santo, os "aires, airiños, aires, os aires da nosa Terra"... E Castelao, ten tamén doce curazón galego que se lle acugula de anguria diante o drama catrisecolar da infelice Galiza. Mais íl, se non deixa apouvigar. Vai a Rosalía, recolle seu herdo sagro, d door infinda, co convirte en afervoado e irrevocabel anceo e en rexa vontade de redenzón. Castelao se pón con mística de predestiñado, con afervoamento de apóstolo, con azos de loitador e cas luces de Guieiro, a honxrica tarefa de remir, libertar e refacer a Patria galega. E se pón a elo, cas ferramentas prodixiosas que lle dou o xenio tutelar do noso povo: o lápiz, a verba, a pruma. E con elas realzou a sua solprendente laboura, a sua grandeira obra que venceu a morte, pois que o fixo inmorrente.

¡Presenza viva, latexante e acesa de Castelao!: no tesouro da sua produzón de artista esgrevio e trascendente; que non fixo arte pol-o arte en sí, nen pra festa e regalía dos ollos nen pra negociacións crematísticas, senón pra interpretar fidelmente o drama do povo galego en tudal-as suas dimensiós i en tuda a sua intensidade, con un senso pedagóxico e unha crara e definida intenzón de xustiza social, de fostregar e condenar aos nemigos da nosa Terra, de amore a libertade e de afervoado patriotismo galego. ¡Presenza viva, latexante e acesa de Castelao!: nos seus artigos, discursos e libros..., no seu denso e lumioso libro "Sempre en Galiza" xa consagrado coma Biblia dos galegos; o libro que temos, a cotío, a carón de nós pra rezar a cotidián orazón de fidelidade patriótica galega, pra lembrar o pasado da Galiza, pra coñecer o seu presente e pra adepender a millor maneira de proieitar nosas arelas e nosa aición cara o seu lumioso porvir... ¡Presenza viva, latexante e acesa de Castelao!: no ronsel cultural, ideolóxico e patriótico que deixou nidia e amplamente na nosa coleitividade, dende aquella mañán inesquecibel na que chegou a istas praias cangado ca cruz do eisilio e ca door infinda da traxedia da patria, mais co ánemo enteiro i ergueito e con azos e pulos pra seguir loitando pol-a libertade do seu povo o pol-a felicidade da sua adourada Galiza.

¡Non é perciso lembrar a Castelao! Témolo permañentemente metido nos ollos e acochado no curazón, vivo, latexante e aceso...

¡Ceéáis estamos somidos n-un doce ensono! Ceéáis estamos ainda abrayados pol-a crudel malafada! Mais, o certo é que ficamos sen decatarnos do seu pasamento. Ainda non sentímol-a sensación da sua lonxanía. ¡Nen no tempo, nen no espazo! No tempo: posto que o ollamos sorrir, o sentimos latexar co ouvimos falar, tudo elo sen soluzón de continuidade; e no espazo: porque o temos incorruto a carón de nós, eiquí pertiño, acochado pol-o amore de tudol-os galegos, ¡de tudos!, pois pra honra da galeguidade e pra honor de íles, nen tan siquera se da a eisecución dos adeversarios...; eiquí pertiño o temos, cobixado, coma reliquia sagra, pol-o noso manífeco Centro Gallego que soupo enaltecerse e que enalteceu a coleitividade galega de Buenos Aires, ca devozón e ca manificenza, coas que atendeu, velou i enterrou a Castelao; e coas que coida seu corpo e seu espritu; eiquí pertiño o temos agarimado pol-a garda cotidián da sua mártir Virxinia, símbolo vivente da nai Galiza que vela seu sono de eternidade... ¡Nen no tempo, nen no espazo!, pois ainda o noso grorioso Castelao está solermiñamente protexido pol-a saudade, sobrelevando as angurias do eisilio... E namentras Castelao fique no eisilio, Castelao estará convivindo con nosco. E namentras Castelao conviva con nosco, sentirémola a dozura incomparabel de tér os galegos emigrados n-ista benquerida terra arxentina, a propia meravilosa compaña da nosa adourada Galiza. Porque xa foi dita, por voce ben autorizada, a grandeira verdade: ¡Castelao é Galiza; e Galiza é Castelao!

Irmans: Por Castelao e pra Castelao, recémoslle eiquí, co pensamento e co espritu ateigados de fe e de espranza, co corazón acugullado de firente door, aquelo que foi e será sempre compendio dos seus ideaes e ouxeto das suas arelas, a simbólica afirmazón patriótica de: ¡Terra e Nos!

CALMA DE 6 A 8

N-a xería esbara o Sol
tras d'os ausentes oleaxes
As velas frouxas
póstumo rompeolas d'os chubascos
cosen os farrapos con fios do

Unha gavota ventrílocua
peteirando n-o urro inmorredoiro
que os afogados deixaron aboyando.

O sol-por fechará-se
dentro d'o mais intauto disco
As nosas pipas atentas
acobadadas ao lecer
Un intre o vapor intruso
coseu de presa a relinga d'o horizonte.

Alén d'o mundo
está o castelo de proa

Hai un mariñeiro vello
que ven de volta de todol-os naufraxos
E trai o fío das aventuras
—non se sabe o remate—
que as dársenas estantías
viron evadir-se a bordo d'as bric-barcas
—O capitán Pardeiro
non afogou
"Perdeu-se" cando o bergantín—

Axustou-se a xordina
largacía coma unha nosa ollada
a buguina d'o Mar
Tremela n-a mareta levián
un remorso ou pesadelo
O navio
as mans trincadas
vai borrando c'os pés o ronsel
Xa non virá o vento
porque a noite fechou todal-as portas
—Esa luz desvelada
n-a fenestra d'a Lua—

Ao bater a hora imprevista d'o relevo
coseu as adoas soltas
d'o toque d'as Trindades
O ceo foise abuado e friorento.

Todo finou?
Oh miragre!
As mesmas estrelas
aínda están
aínda están alí.

MANUEL ANTONIO.

"Grial", Cadernos de Cultura Galega

Están chegando a Bos Aires os cadernos de cultura galega "Grial", outa publicación filosófica literataria editada por Galaxia de Vigo. Apresurémonos a decir que "Grial" é unha demostración cabal da capacidade intelectual de Galiza sin paralelo hoxe no perímetro peninsuar Temos mas nosas mans os tres primeiros números de tan ricaz presente. Realmente énchen-nos de lediza e tamén d'orgulo. En "Grial" latexa firme, como nunca, o esprito inmorrente da Nosa Terra, aínda nas arriscadas circunstancias, aituaes. Asin nos é doado sentilo ao traveso das súas páximas de proieción europea, universal, ceibadas da tutela da circía escolástica en plea vixenza, de Madrid. Nós témola definida como un riso enxebre de tolerancia e convivencia humá.

"Grial" ten formato de livro e pasa das cen páxinas. Está subdividida en temanos: Ensaios, Poesia, Galiza cabo do Mundo, Fiestra das Españas Carta de Europa e Búsola céltiga. E decir, abrangue o mundo que ten relación direita con Galiza, e caben nos ensaios todal-as betas do pensamento. O primeiro número, "Presencia de Galiza", conten valioso e nutrido material de leitura; filosofía, literatura, poesía, notas bibliográficas... Colaboran: Ramón Piñeiro, Celestino F. de La Vega, F. F. del Riego, Cuñas Novás, Anxel Xohán, Anxel Fole, Carlos Martínez Barbeito, Otero Pedraio, L. Veiga do Campo, R. P., Pierre Malo e Douglas Déstrac.

Todol-os traballos, dada a onta calidade formal i-o intrés temático, merecen mención. Pro non é posibel facelo neste lugar. Sólo nos refeirremos, brevemente, ao máis importante: "Siñificado meafísico da saudade", cuxo autor é Ramón Piñeiro. O ensaio de carácter filosófico de Piñeiro — gran figura moza de Galiza —, tivo fonda repercusión en Portugal e no noso pais. Pol-a nosa parte, no devandito ensaio, non sabemos que ademirar máis si a cradidade espositiva, o estraordinario poder de síntesis, a perfeita rigurosidade de método ou a fonura i-a orixinalidede temática. Desde logo, o tema é dun valor ausorbente. A saudade como elemento para unha posibel filosofía do mundo galaico-portugués, é un medular estudo de cencia filosófica cargado de ideas e pensamentos subiugantes e precisos. Xa non se trata somentes de aprehender e individoalizar o sentimento da saudade, un dos imponderabeis d'alma galaico-portuguesa, senón, tamén, de axexalo como ponto de partida para un quefacer espritoal de valimento ecuménico. Non é lugar indicado para intentar un meditado comentario er !col de tan notabei traballo, que recomendamos aos nosos orgaos publicitarios. Queremos siñificar de paso que o noso idioma procer trasmite ciquí, sin esforzo algún, con singular precisión, o pensamento especifico e sistemático do ilustre autor.

O segundo número de "Grial" — pintura actual en Galiza — está adicado, casi enteiramente, o movimento pietórico galego que apunta cun vigor insoipetado. Si, Galiza vai en camiño de ter unha pintura, como ten unha lírica i-unha cultura. A medida que a concencia da súa persoalidade vaia recadando as esferas do esprito Galiza iráse atopando nas súas esencias, i-en consecuencia axiña amosará as súas outas cualidade criativas. Diversos e moi interesantes ensaios de temática e crítica pictórica, contén o número devandito, debidos a Xohan Ledo, Anxel Xohan, Luís Seoane e Rafael Dieste, i-un sabrosísimo de Carlos Maside sobre a fotografía popular. Dous inquéritos a pintores e críticos confirman a realidade d-unha p'ntura galega. Ademais belidos traballos do infadigabel F. F. del Riego, S. Lorenzana, F. Delgado Gurriarán e Augusto Casas. Crítica de livros por Benito Varela Jácome. Unha nota en co de Paul Klee, de Erhard Gapel. En Búsola céltica, a Bretaña de Renán, escolma e comentario, por Celso Collazo Lemos. Nunha verba, un número de gran calidade intelectual.

A falla d espazo obríganos a deixar para o prósimo número, un amplio comentario en col da terceira entrega de "Griall".

A coleición de cadernos "Grial" honra outamente o nome de Galiza. Por elo, ao fato de irmans ilustres que fan posíbel, coa súa intelixenza i-o seu patriotismo estes inapreciabeis mensaxes de cultura, dende as folunas da NOSA TERRA, enviámos-lle o testimolo do noso agradecimento i-a nosa voce de aliento ¡Todo por Galiza!

Propósitos e Notiza

ANUNCIAMOS aos nosos leitores que, a partir do número presente, imos adicar, coa emoveita evocación debida, unha páxina da NOSA TERRA aos grandes poetas galegos com temporáneos —vivos ou mortos.

Queremos renderlle homaxe porque Galiza débelle aos seus poetas a esaltación do seu corazón ao ámpito dos relembros inmorredoiros. Arestora, por obra e gracia dos poetas, as ricas betas que nele latexan, van reconquerindo a consideración i-a gratitude doutros meios espritoaes dun mundo irmán, cal en tempos lonxanos casi esquencidos pol-os galegos.

Para os galegos a aititude enxebre dos nosos poetas, é un exemplo que reconforta ao esprito i-ademáis siñala o único camiño a seguir aos que, d-algún xeito, necesitan deborcar ao esterior o mensaxe da súa ricaz intimidade. Cando este exemplo vivificador se propague aos outros ámpitos do esprito, Galiza terá conquerido a concencia da liberdade i-a independenza do seu pensamento. Entón, co pensamento i-o corazón ceibes, poderá Galiza encetar a súa obra cultural auténtica e integral.

Na notiza que tracemos de cada poeta, é noso propósito deliberado facer abstraición de tendenzas ou escolas —cecais difíciés de concretar na poesía galega— i-até de gostos persoaes. Trataremos, eso sí, d-esculcar en cada un dos poetas evocados, o que hai de singular e perenne no seu mensaxe. Si o conseguimos, xa nos daremos por moi satisfeitos.

E ditas estas verbas, vaiamos en busca de Manuel Antonio, o outo poeta escollido ao azar para nosa presentación.

* * *

O mar é elemento decisivo na vida material i-espritoal de Galiza. E forzando un pouco a imaxinación, até poderíamos afirmar que o mar de Galiza é, como o lingoaxe, unha síntesis da súa alma dual: vigoroso e violento na costa brava, eglóxico e doce nas Rías baixas.

Si nos referimos a presenza do mar na poesía galega, diremos que ele, a carón da paisaxe —en Galiza o mar é complemento da súa paisaxe—, participa na súa armazón con caraiteres indelebeis. Mais é preciso chegar a Manuel Antonio para que o mar, elemento importante e tradicional na lírica galega, cobre a intensidade requerida.

Pro o mar de Manuel Antonio non é o consabido mar plástico, sonoro, arrebatador, d-efeitos esteriores, como nos sería doado agardar. E un mar íntimo, humán. Un mar apenas de hourizontes largacíos, propio para adeuses definitivos ou ronseles perdidos i-esquecidos; proveedor de historias e saudades de barcos e vellos navegantes Un mar feito para monotonía das horas lentas, valeiras e sin senso; para naufraxos irremediabeis ou afogados, que denantes xuntaron soedades, e logo choparánse nele buscando un imposibel...

"De Catro a Catro", a única obra que nos deixou Manuel Antonio, é un livro dun corazón tremecido de infindos. Tamén triste, ainda que nunca desesperado. Na notiza que R. Dieste escribeu pàra a edición de Bós Aires dínos: " a tristura era nele tan gran tesouro e tan frolecida como esa lediza non falsificada que choutaba no seu riso mozo e inimitabel". ¿Qué orixe pode ter esta tristura n-alba da súa edade baril? ¿Pesaba no corazón do noso poeta o presentimento funesto que axiña ía cumprirse? ¿Cecáis a vivenza dunha dór secular presente a cotío no esprito de todo galego conscente da súa persoalidade? —¿participará deste siño a nosa literatura pre-renacentista, fonda e sentida?— A verdade é que os poemas de Manuel Antonio latexan ateigados por unha lene melanconía i-esceiticismo. Hai neles algo de frustación i-a vegadas, parece quixeran ser unha evasión i-ausencia de sí mesmo. Ollemos os adeuses i-as despedidas insistentes, as travesías sin rumbo fixo, a monotonía da repitición das mesmas horas, o desengado dunha recalada en calquer peirán, cuxa realidade feita de hostilidades que se calan, chocan coa súa sensibilidade i-os seus sentimentos... i-outeremos a fidel imaxe dun corazón triste e defraudado. Craro, sometido a lei dun equilibrio ideal imposto pol-o esprito dun creador xenial.

A poesía de Manuel Antonio é parca en brilanteces plásticas, en luz e cores. Tamén carés de musicalidade esterior. Nembargantes é dunha consumada rigurosidade interior. Ten unha constración sobria na súa totalidade, máis garnida de figuras e metáforas ousadas dunha beleza singular e inusitada. E poesía subxetiva proieitada da dentro para fora. Potente en suxerenzas de fados e de misteiros cósmicos, reducidos, casi xogando, ao lingoaxe sinxelo e íntimo d'enxebre emoción humán. Sobre un mar de hourizontes largacíos, ou no centro dunha illa de foulas i-escamallos, dentro dun velamio apenas branco, que ainda sin vento tremela en lufadas de trasmigración, fixo descobertas sensacionaes d-estrelas, de ceos, de lúas, de ventos, de soles..., increibeis, mais d-ende ela reaes, esistentes. Con Manuel Antonio a poesía galega gañou unha nova proieición de fecundidades insospeitabeis.

O seu intre no espazo-tempo tivo a lixeireza dunha foula. Nembargantes, o poeta logrou aprixoalo para eternidade nas breves follas dun diario d-abordo. Ahí fica como unha estrela que acena o adeus da súa man sin vida, visibel d-ende calquer latitude do mundo, a despeito dun vento desalmado.

Lied Ohne Worte

Aboya un esbardar de marusías
tentando os ceos sin atopar a Lua
Pero a Lua esta noite
desertou d'os almanaques
Murcha entre duas follas
— violedas pensamentos —
d'o manual póstumo
— outono maárigaes —
que verifiquei en
Mansas vagas unánimes
reorgaizan-se detrás d'o vento.

Cando pase a ráfega derradeira
dirá-nos adeus
c'o pano branco d'o gaf-tope
Alude a un fracaso
de follas amarelas
e renovase a sorrisa d'os mastros
sempre c'as pontas novas e xo-
[viaes

Noiva miña
vestida de lua
que romantizas
¡tan cursi!
pol-o xardín

Senteí-me a proa
fumando a miña pipa
Pero autra noite pensarei en ti.

MANUEL ANTONIO.

DESCOBERTA

Quén fechou esta noite
a fenestra azul d'o Mar!
Este Mar fuxitivo
de todal-as ribeiras.
Náufraxo d'o neboeire
que desviou o rumbo
d'os puntos cardinaes.

Ficaron as gavotas
tres singladuras a sotavento.
Desourentaron-se os arroaces
intrusos e impunes.

Hoxe ninguén dá c'a relinga
pra aferrar os panos d'o hori-
[zonte.
E este serán tampouco
engayolaremo'-o Sol.

O Sol era un paxaro triste
que se pousaba n-o penol.

MANUEL ANTONIO

A Voz do Noso Povo

O galeguismo non é un movimento de tipo sionista, que teña que reconquerir ou inventar unha patria. Temos unha patria, Galiza, e a ela nos debemos por enteiro i-en todal-as circustanzas, nas boas e nas malas. A nosa patria é unha reaidade insoslaiábel, e tenzoar fabricarse Galizas Ideales entrana unha aititude evasiva, algo eisí como pretender vivir en paraísos artificiais, de tontos; unha tendenza perigrosa que somentes pode levar a distanciarse do noso povo e a frustrar os esforzos patrióticos mellor intenzoados da emigración. Coidamos que debe andarse con tento no uso d'ese conceito do gran Castelao, ao cal hai xentes que lle dan un alcance e un siñificado que está moi lonxe do senso que lle diu o seu xenial acuñador.

Co propósito de fortalecer os vencellos que deben cinguir aos galegos emigrados cos da metrópoli e que costituían unha sola vontade e un mesmo ímpetu na empresa de liberar a Galiza da tiranía abrumadora que sofre, A NOSA TERRA propónse acadar o meirande número posibel de colaboradores do interior do noso país, procurando que os seus escritos reflexen os problemas do vivir cotidián, as angueiras e inquedanzas do noso povo, as súas aspiracións no presente e pra o porvir; brindándolles ao mesmo tempo un meio de poder denunciar tropelías e trabucamentos, ou simplementes un meio pra desafogarse das moitas inxusticias e arbitrariedades que alí teñen que aturar en silencio.

Coidamos que un axeitado coñecimento da situación da nosa terra e da opinión do noso povo na aitualidade, son indispensables pra que a emigrazón galega poida traballar con proveito a prol da causa da liberazón da patria. Cantos plans se tracen e tarefas se reaícen sin térense debidamente en conta aquelas realidades, podrán parescer moi atraíntes, até perfeitos, pro non pasarán de seren especulacións abstractas, de cuios resultados na práitica a historia dos intentos democráticos na Hespaña ofréscenos arrepiantes mostras.

Dazaséis anos non pasan en van pra os homens nin pra os povos. E qué anos, os d'istes derradeiros tres lustros! Perante o seu trascurso de desastre, de opresión e humillamento, creáronse novas situazóns, houbo desplazamentos sociaes e políticos que deron lugar a outros agrupamentos. Nas durísimas condicións da represión totalitaria do réximen falanxista xurdiron novos homes e adoitáronse outros métodos de aituación, na maior parte impostos pol-a necesidade e pol-o tanto con grandes dosis de oportunismo, de transixencias aparentes, e onde a valentía e a astucia teñen que ir doadamente equilibradas; todo elo creou unha situazón nova e complexa cuio estudo é do maior interés.

Por elo, pra acadar unha ourentazón axeitada e precisa, faise mester que o pensamento e a aición dos galegos que viven dentro e fora de Galiza se complemente: aportando unhos o seu coñecimento direito, necesidades e posibilidades do hoxe e do mañán; os outros, a amplitude de miras que dan as grandes perspeitivas, e o estar en lugares dende os cales é posibel apreciar o conxunto dos problemas, libres dos apremios a que están suxetos quenes sofren a tremenda presión dun ambente mortalmente hostil, onde a necesidade de facer o que se pode e non o que se considera mellor é susceitible de afectar a sensibilidade e a capacidade das xentes pra enserguer os outos ideais e nobles aspiracións, indispensábels pra guiar aos povos cara aos grandes destiños.

No presente número publicamos xa un bon número de artigos recibidos da Terra, os cales distinguirá o leitor por estaren datados en Galiza; si os lugares resultan un tanto indefinidos e as firmas descoñecidas, débese a elementais precaucións que os autores deben tomar e cuia necesidade se comprende fácilmente. Agardamos que a continuidade e a calidade d'esas colaboracións ha de facer aos seudónimos tan coñecidos e respeitados como o son os nomes que ocultan, pois vista a fondamental importancia que abranguen os seus escritos, non dubidamos que eles non somentes continuarán chegando na mesma proporción, senón que aumentarán.

(Especial pra A NOSA TERRA)

No son Tempos

por BIEITO CARBALLO

Non son tempos pra facelo. Sempre nol-o están dicindo os avisados, os sabedores. Un non entende como hai tantos que o saben bén, que saben que pasaron ou non chegaron os tempos, muito menos atende que os tempos seian pra que non compra facer tantas cousas, cáseque todal-as que xurden do maxin dun. Cecais porque un non atende que o maxin propio só para ideias de morta vellice ou premaduridade. E os que o saben ben son amigos e nemigos, tantos duns tantos dos outros.

Non son tempos de nacionalismos miudos; lembrade a Lituania, lembrade a Estonia, lembrade a tantos outros povos pequeneiros que desaparecen cotío do mapa. Matinade que o progreso foi da aazes a aldeia, da aldeia a cidade, da cidade a liga de cidades, logo as nacións, as ligas de nacións, os estados unidos; que o progreso será falar unha língoa universal, (eiquí a historia non axuda, da língoa única pasouse os seus dialectos, pero de certo son tempos de arranxal-as cousas e choutar atrás, ou ir cara o esperanto). Sí, o mundo camiña cara outro norde.

Lembrade, non embargantes, que tampouco son tempos de universalismos, que o Benelux vai a pasos tan contados que se non sabe se dará un máis mañán, lembrade que a Unión Europea e unha asuada de discurseadores, os que onte dixeron que a salvación do mundo sairá dunha Europa unida, e oxe dín que os tempos non son chegados. Non é eisí, Míster Churchill?

Non son tempos de política violenta, non, hoxe compre facer as revoluciós pacíficamente, adiantando, pol-os vieiros do liberalismo e da democracia. Pero non se pense que son tempos de amudecer mansamente, o silencio é culpable. Nen de fiar na simpres portesta verbal, xa de vello é sabido que obras son amores.

Non matinedes máis! Tampouco son tempos de pensar revolucionariamente, o pensar pode non ser pecado, pero de certo é delito penal. Calade! Non, tamén é mal consello. Fale!, repita o que dí seu goberno oficial!

Non son tempos pra perder na literatura, o home é un animal político, o home é homo faber, traballador, proletario, o literato é un nugallán, xa Platón veu sua pouca utilidade pra Repúbrica. Non faga literatura, se non quere que os máis o deixen morrer de fame, ou o leven a traballar as minas. Non faga, isto é o máis importante, literatura galega pois entón está vostede traballando en balde: cantos leutores tén?, o galego é língoa que esprélase vostede que escolleu o non traballo da literatura quere, ademáis, acugular a pacencia dos homes esfendendo os eidos do nacionalismo galego?

Pensa adicarse a política? Non son tempos pra se meter nun tal vispeiro. Unha revolución contraria e xa se sabe: cara a parede, e o fusilamento por unha xusticia noviña do trinque. Pero se non misturouse na política isa xusticia iralle demandar por que o non fixo, por que non traballou contra a inxusticia antiga, e coma se fose político: a parede tamén.

Non son tempos pra rén. Calqueira vello pódelle decir que son os piores pra vivir, e non pense que son bós tempos pra morrer. Pódese acreditar que a morte endexamáis é doce, e non hai modo de facela pior. Pero tamén calqueira, vello ou non, pódelle decir que a morte tén sua hora, seu tempo, e xa se vé vostede sen tempo de seu.

Pero tampouco son tempos de escoitar e facer caso de consellos, de amigos ou nemigos. E isto é a cousa que un sabe ben. Emporiso seguiremos falando galego, escribindo galego, pensando e traballando por unha Galicia nacionalista e universalista. E xa veremos se os tempos son ou non son.

Galiza, febreiro 1952.

Loito no galeguismo.

Fernando Lorenzo Rico

As fileiras galeguistas de Buenos Aires sofriron unha baixa moi sensíbile ca morte do irmán Fernando Lorenzo Rico, ocurrida no pasado Marzal n-esta cibdá, dempóis de longa e magoante enfermedade.

Lorenzo Rico, nado en terras de Mondoñedo, foi un afervoado patriota galego. Galiza tiña n-él un fillo fidel e namorado, persente sempre na vanguarda de tudo movimento a prol dos direitos da nazonalidade galega. Foi un dos poucos "bós e xenerosos" que encetaron valentemente as tarefas galeguistas na nosa coleitividade, fai uns trinta anos, con craro senso da necesidade de erguer e categorizar a nosa língua e de loitar pol-a libertade da nosa Terra. Amáis d-elo, foi sempre aitivo fautor nas labouras de prestixiar e orgaizar a masa de galegos emigrados n-este país. Esí, foi un dos fundadores do Centro Gallego de Buenos Aires, no cal figuraba coma socio Nº 2 antre os 95.000 que oxe o integran; tamén o foi da primitiva prestixiosa Casa de Galicia, do Fogar Galego célula formativa da aitual Federación de Sociedades Gallegas, da ORGA, do Grupo Galeguista e dempóis da Irmandade Galega. Home de espritu ben cultivado, colaborou con patrióticos artigos en moitas pubricacións galegas. Con Lorenzo Rico foise un importante anaco de historia da nosa coleitividade e do galeguismo na Arxentina.

Seus restos foron inhumados no Panteón do Centro Gallego. No aito falou o Segredario do Consello de Galiza, diputado Alonso Ríos, quen en sentidas verbas eisaltou os merecementos do irmán Lorenzo Rico e lle deu o derradeiro ¡Adeus! a nome da patria galega. Facemos chegar noso fondo sentimento aos familiares de tan bo galeguista, de xeito especial a seu fillo político o distinto irmán Emilio Pita.

(Especial pra A NOSA TERRA)

As in Pensa a Mocedade Galega

por ARUME

No tristemente célebre reinado dos Reis Católicos, a política centraista de Fernando e Sabela, lanzou a sua ofensiva maquiavélica contra do povo galego, intentando castralo pra asin manexalo como manseliño boi. Era o idioma, como sempre, a manifestación esterna da pegullal persoalidade do noso povo e contra d'íl foron os principaes bimbiós da empecha centraista.

Posuindo unha non cativa intelixencia política, os Reis Católicos decatáronse da superioridade espritual do povo galego e tiveron medo de que a rudeza castelán fora dominada pol-a sotileza psicolóxica dos galegos e foran istes os factores da verdadeira constitución política das Hespañas.

O esprito democrático d'un povo aferrado á Terra no cumprimento subrime do Castigo Divino, e a postura adoutada pol-os persoeiros galegos, na defensa dos dereitos de Doña Xoana á Coroa, foron os principais perigos que os Reis Católicos viron pro conquerimento dos seus malfadados fins. Soio podían vencelos en desigualdade de condiciós. Pra elo era mester conseguir que o povo galego perdera o seu dereito a se eispresar e sentir; que perderan a sua persoalidade; que se topasen sin máis anceios que os eunucoides, e isto soio se conseguiría negándolles a Fala, facendo que o galego se avergoñase de selo, pois iles sabían que os apátridas son fáciles de gobernar.

O ESPRITO NON PODE MORRER

Política feroz e cruel foi a empregada na persecución do noso idioma, pro inda dimpóis de cuatro séculos o povo galego sigue falando na sua língoa. Conseguiron, sí, deixalo malparado, pro non destruilo, pois o idioma que Deus lle deu a un povo non pode ser destruído nin por uns reis inda que istes se tituen "Católicos".

Non embargantes o povo galego non perdera a sua persoalidade; creáranlle sí, un sentimento de inferioridade ante o "señorito" castelán, domiñador e cacique, pro no seu íntemo sentir seguía latexando a forza inmorrente da estroituración psíquica d'unha persoalidade racial que se non deixou domiñar pol-os árabes.

O ano 31, coa imprantación da República na Hespaña, trouxo un novo abrente ateigado d'espranzas pra nosa asoballada nazonalidade galega e que había de plasmar no histórico Plebiscito Galego do 28 de xuño do ano 36. Mais estaba de ser que o noso desventurado povo tiña inda de pasar pol-a bárbara e tremenda proba do falanxismo coa sua tráxica canga de morte, fame e persecusión.

Milleiros de patriotas galegos cairon baixo o chumbo homicida de Falanxe ao berro meseteiro de "¡Arriba España!", mais este pesadelo de medo e morte pasará, e a verdade e a xustiza imporáse como s'impuxo na Italia de Mussolini e n'Alemaña de Hitler.

Non entanto, seipamos esperar e manternos diños e firmes na fé dos nosos ideaes dunha Galiza ceibe e próspera.

Nun lugar da Terra.
Febreiro do 1952.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA

PERIODICO AUTENTICO GALEGO QUE DEFENDE A AUTONOMIA DE GALIZA

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grilos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideias
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non, o duro ferro,
Nin a morte extinguilos.

EDOARDO PONDAL

Ano XXXIV — Núm. 481 ★ BOS AIRES, ABRIL DE 1952 ★ Redaición - Adeministración: Rúa BELGRANO 2186

TURISMO BARATO

Os servicios de propaganda norteamericanos e ingleses infórmannos a cotío das maravillosas invenciós co as que se trata de levar a felicidade a os fogares modernos dotándoios de toda clás de comodidás e aforrando no posibel, piagoas e trabalios. Mais todalas invenciós que de fora nos podian vir en punto a conforto e a cousa non soñada son tortas e pan pintado a beira das descobertas feitas polos transportistas galegos.

Non preocupan eiquí os problemas da velocidade nin os do aerodinamismo fai tempo standardizados — coido que agora dise co ista feia verba — o terrible do choio pra os automedontes galaicos radica en poder meter a meirande cantidade de viaxeiros no menor espacio rodante i esto conqueriuse eiquí, sin se gabar de ter feito unha invención trascendental, por meio dos autobuses elásticos, que lles dan cento e raia a os tranvías e a o Metro madrileños en eso de incomodar a os viaxeiros, xa que a palabra acomodar non responde certamente a o feito de embanastar xente e mais xente a presión, como a cotío se fai por estas estradas.

Hai coches que aforan trinta plazas e chegan a embutir entre os asientos mais do triple dos viaxeiros que van sentados. Pro eiquí a cousa tómase con bon humor e resignación e non no plan de traxedia, como acontece no Metro madrileño. Eiquí a xente tomao a broma e cando o coche está ateigado de seres prensados e aparecen dous ou tres mais aspirantes a superpresión, escoitase a voz retranqueira do conductor invitando a os novos viaxeiros co as humorísticas verbas de "pasen y siéntense", que sonan a sarcasmo nos ouvidos dos prensados.

E como por moi cheo que vaia un auto sempre aparecen mais viaxeiros, os derradeiros en chegar gabean a baca donde se acomodan como poden sentándose enriba de toda clas de bultos.

—"Non te me sentes na barra do xelo, que mo derretes", decía fai unhos días unha muller a un mozo que, sudoroso, se dispuña a poñer as sua ponsadeiras enriba de un saco alongado, namentras outra berraba: —"Non me esmáguelas sardiñas".

O ir na baca ten a ventaxa da ventilación e a de ser ésta o millor miradoiro pra gozar das maravillas da paisaxe desta terra incomprabel. Mais o estupendo é cando ao chegar a zona peligrosa, donde adoitan estar os vixiantes das carreterras, xurde de novo a retranqueira voz do cobrador pra ordear en castelán a toda aquela piña humán: "Hai que taparse", o que quer decir que enriba do cugulo vivente do auto ten que cair unha pesada lona pra disimular aos viaxeiros facéndoios pasar diante da transixente ollada do vixiante por fardos de vulgares mercancías. E si alguén se resiste a aturar a tapadeira láiase con sorna o conductor: "Pero no ven que me van comprometer. No comprenden que me van echar una multa". Argumento contundente diante do cual non fica outra solución que taparse... o baixar ao interior do coche cuia capacidade de saturación somella inesgotabel xa que sempre ademite un mais dos que parecen caber.

¡Ou a delicia destes incomparables automóviles elásticos nos que os viaxeiros se auscultan mutuamente e poden contar sobre o seu peito ou sobre as suas costas os latexos dos corazós veciños!

A tal introspección non chegaon ainda esas maravillosas invenciós que os extranxeiros nos anuncian. Porque pra ver maravillas hai que vir eiquí e "hai que taparse" como nesas "orugas" que denantes se vian nalgunhas verbenas.

CALEIDOSCOPIO

(Especial pra A NOSA TERRA)

De Toponomástica

(TRIPTICO) por JOSE RAMON Y FERNANDEZ

Non fai moito tempo xuntáronse en Bruselas uns cantos homes de cencia pra se ocupar nada menos que das toponimias de todolos paises.

Estaba invitada pra tomar nesta xuntanza a Real Academia Galiega, que non poido mandar ningún representante pola penuria de medios económicos que padece iste centro cultural, do que tan pouco se preocupan os ricos de Galicia.

Ben é certo que tampouco asistiu representación da Real Academia da Lengua nin de outro orgaismo español relacionado cos estudios lingüísticos.

Pro istes científicos son teimosos como iles soios e sin lle dar importancia a cousa incluiron a España no cadro das suas aitividades internacionaes e nomearon seu representante eiquí ao ilustre mestre de Dialectoloxía D. Vicente García de Diego, nome que é unha garantía para todos cantos se preocupan destas cuestiós.

Con iste cativo detalle e coa presencia na Academia da Lengua de seis numerarios galegos, agás dos simpatizantes co noso idioma, parece que se vai iniciar unha xeira de purificación dos maltratadísimos topónimos galegos, limpándoios dos lixos que enriba diles botaron os mistificadores ignaros e desaprensivos; fixándoios nas suas verdadeiras i enxebres formas pra que sexan o que deben ser e non unhas caricaturas ridículas sin cheiro nin sabor propio e definido, e dándolles o explendor a que teñen dereito como verbas d'un dos idiomas mais vellos e ilustres do chan hispánico.

Despois de tantos anos de vir clamando no deserto da indiferencia mais incomprensible a favor da restauración dos nosos corrompidos topónimos e despoixas de ter que lle escoitar a xente que pasan por cultas e por galegas, que eso non pode ser porque moitas de esas verbas xa están admitidas polo uso, sin ter en conta os que tal din que a diario estamos vendo como se trocan nomes, como o de Arroyo del Puerco, na provincia de Cáceres, que pasou Arroyo de la Luz a petición dos mismos veciños, que non levaban a ben o do porco. Despois de toda esa resignación suicida dos mais chamados a defender os dereitos da nosa fala, gorenta o ánimo ver que de fora chegan voces autorizadas invitándonos a que fagamos esto mismo que eu veño diciñdo sin que ninguén me dea tino, e cando mais de un matinará que son un chiflado ou un maniático por pretender conservar o tesouro da nosa fala galega para a cual os alleos teñen mais agarimo que moitos vernáculos.

Confiemos pois en que unha novava etapa aberta a espranza comenzará pras toponimis galegas e que non tardará o tempo en que do Nomenclator vexamos con ledicia como desaparecen ises disparates que levan a que Niñodaguia podia pasar por Niño de la Guia e Couxela por Cójela ou Seixalvo por Cejalvo, que seica é a derradeira e andaluzada interpretación do name diste fermoso pobo ourensán.

Atergo co iste choio toponímico contareivos unha anécdota dun estanqueipaisano meu e moi sabido e leido fl que modificou o nome dunha capital europea.

O conto foi que un día chegouse ao estanco un labrego e pideulle unha cajetilla de peseta.

—Non hai, contestou secamente o estanqueiro.

—Logo déame unha de dous reás insistiu o parroquiano.

—Non hai, recuncou o estanqueiro.

—Pois entón déame dous reás de pitos dos que haiga, pideule o bon home.

E o estanqueiro moi foucho respondeulle pretendendo ilustrar ao labrego:

—Non se dí haiga, que se di haya; porque Haiga é a capital de Holanda.

O que non sabemos é si a toponimia do estanqueiro pasou ao Nomenclator.

XA FUN A MARIN

Pero por terra, sin pasalo mar, e como pasaxeiro do trolebús, herdeiro do famoso tranvia novecentista que tanto deu que falar aos escritores daquela época a pesares de que ainda non foi superado nin en velocidade nin en comodidade polos trés nin polos autós de liña de hoxe.

O viaxe a Marin, e mais ainda a volta a península de Morrazo garda unha chea de engados e de sorpresas pra o viaxeiro que compensa con muito as cativas molestias que orixine, anque teña de facerse na baca de un autobús.

Cando as paisaxes belidas se suceden en serie decote crecente sorpréndese un de que iste anaco de Paraiso non esté mais dado a coñecer nas guias turísticas nin se esplote de xeito sistemático un viaxe que é un regalo pra vista e unha fonte de maravillosas impresiós a mais de un estimulante pra os estómagos mais eisixentes que eiquí poden fartar unha fame de Ramadán.

A pruma de Otero Pedrayo, que tan ben soupo cantar as grorias do xamón, cumpríame agora a min pra por en exámetros as esquisiteces das estacións gastronómicas que xalonan o itinerario morracense e a fermosura das praias de Magor, Aguete, Beluso e tantas outras, que bordean a península como un colar de incomparables pérolas.

Baixo o punto de vista toponímico tamén é un consolo pasar diante de Lourizán, Estibela, Marin, Loira, Cela, Bueu, Ardán, Beluso, Aldán, Hío, Balea, Cangas, Moaña, Rande e moitos mais pobos praias e cons e comprobar que eiquí fracasaron todolos esforzos castelanizantes dos que se impuxeron a tarefa de esnaquizar os nomes galegos porque non hai xeito de lles afincar o dente infecto da desgaleguización.

Claro está que con un pouco de boa intención ainda se poderia decir Lorizán e La Caera en troques de Lourizán e a Caeira, pro ¿qué se fai con Aguete, con Hío, con Bueu e con Beluso? Eiquí fracasan os millores desexos e hai que deixalos como están. ¡Que pena!

Os que non quedan como están son todolos penedos e laxas dos arredores de Marin aos que non perdoa un inscultor terrible, que armado de cincel e de martelo percorre todalas ribeiras e todolos montes deixando mostras do seu imperio de liscador non somentes nas laxas e penedos que ao seu paso atopa sinón tamen nas fachadas das casas, nas cepas das pontes, nas lousas das ruas, nos pretiles das estradas e alí donde atopa materia dura dabondo pra deixar os seus riscos.

Eu penso nos problemas que dentro de centos de anos, cando xa non fique memoria do inscultor de Marin, se lles presentarán aos futuros arqueólogos cando se atopen coa inumerable serie de grabados rupestres cos que inzou todalas penedías daquela bisbarra o Pepe da Ponte.

Galiza, febreiro do 1952.

COMISION INTERSOCIETARIA DE ENT. CORUÑESAS

Finda de constituirse nesta capital unha comisión Intersocietaria d'Entidades Coruñesas.

Son os seus propósitos, a realización d'aitos etn conxunto, artísticos e culturaes, con teima d'encher todo un programa d'aición pra o espallamento da arte e da cultura galegas.

Como ponto de partida, resolveron que o prodoito das suas primeras aitividades, sexa destiñado a adquisición dun cadro do gran pintor coruñés, Carlos Maside, que será donado ao Museo Nacional de Bellas Artes en nome da coleitividade coruñesa de Bos Aires.

A devandita Comisión, aitúa con Segredaría en México 1660, i está integrada pol-as seguintes entidades: Centro Provincial Coruñés, Centro Betanzos, A. B. C. de Corcubión, Arzuano Mellidense, Casa Coirós, Rtes. de Cesuras, Axto. de Corral, Centro Noyés, Partido de Negreira, Oza dos Ríos, Unidos de Sada, Fillos de Ois, P. U do Axto. de Rianxo, Centro I. de S. de Compostela e U. R. do Axto. de Sobrado.

Felicitamos aos iniciadores deste avencellamento de forzas na nosa coleitividade, cuxas aitividades, haberán de vender abondosos froitos, aprol da cultura galega nesta terras.

Un que Esbardalla

(Especial pra A NOSA TERRA)

O Sr. González Alegre é un rapaz sieca bastante listo, fundador, propietario, editor, director, redactor, administrador, distribuidor, etc., etc., da revista "Alba", nascido en terras da Galiza irredenta, Bierzo.

Dito señor, nunhas declaracións feitas a un xornalciño que se publica en Ourense ós luns, decía todo serio que os escritores galegos que aspirasen a gran figura debían escrebir en hespañol, ignorando o coitado, que Rosalía, Pondal, Curros, Castelao, Pedraio e outros moitos deben a súa gloria literaria, única e exclusivamente, á súa producción en língua galega. E, máis recentemente, na mentada revista, dí esta gran asneira, moi propia do seu cativo caletre e do seu desmedido afán de falar, a sabendas —¡cobarde!— de que desde Galiza ninguén lle poderá refutar as súas enzoufadas afirmacións: "Siempre hemos afirmado que la única tarea gallega de interés definido y definitivo era, por el momento, la poética. Es en ella donde puede hallarse un cauce de lo que en su día, podrá constituir una estructura plena. Lo demás, es andarse por las ramas, y en cierto modo "utopizar", como diría Unamuno".

Nós recomendámoslle a ise señor e a outros papalardos que pensan do mesmo xeito, que escriban algo menos —a literatura pouco había de perder co seu silencio— e que lean algo máis, pra poder falar con coñecimento de causa. A leitura dos ensaios, teatro, novela, viaxes, historia, xeografía, etc., que escribiron Castelao, Alvaro das Casas, Rafael Dieste, Risco, Xaime Quintanilla, Cuevillas e tantos outros, coidamos que os ilustrarán d'abondo encol das posibilidades da nosa língua. "A xente da Barreira" de Carballo Calero (novela), "Cos ollos do noso esprito" de del Riego (ensaios), e "Siñificado metafísico da saudade" de Ramón Piñeiro (filosofía) pra citar tan só tres obras d'agora, son un rotundo mentís ás súas afirmacións.

Cando sabios com'o P. Sarmento —conveciño do doutor Alegre— dixo xa no século XVIII que il se comprometía a traducir ó galego todo o que houbese escrito en griego, latín e castelán; e cando eminentes filólogos da talla do alemán Piel e do portugués Rodrigues Lapa acaban d'afirmar que o galego é unha língua apta pra expresar calquer idea ou pensamento de caráiter científico ou filosófico, parécennos imperdoables as manifestacións do noso paisano do Bierzo, por moi poeta e doutor que se tidoe.

B. do P.

Galiza do Sul, xaneiro do 52.